

Edición e comentario de *Nociones de lenguaje. Vocabulario gallego-español. Grado Medio* de Miquel Porcel i Riera (1934)¹

Xosé Afonso Álvarez Pérez
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMEN. Este traballo estuda o vocabulario galego-español, de máis de 1300 entradas, presente nun manual escolar de grao medio deseñado polo pedagogo mallorquino Miquel Porcel para as terras pontevedresas e imprentado no ano 1934. Atopamos obras similares para outros niveis educativos e para outras zonas do Estado con lingua propia, incluso baixo a ditadura franquista; faise neste traballo unha breve comparación con algún deles, centrándose nos campos semánticos tratados e a extensión. O noso estudo ofrece tamén unha edición deste vocabulario, reparando os numerosos erros de lectura e impresión que presenta o texto e realizando un comentario dos principais aspectos que se consideran de interese, deténdose especialmente na cuestión da fonte utilizada polo redactor desta obra.

Palabras clave: Vocabulario escolar, dicionario bilingüe, léxico contrastivo, lexicografía, manuais escolares.

ABSTRACT. This article studies the Galician-Spanish vocabulary, that contains more than 1300 entries, present in a middle level textbook that was designed for the Galician territory by Majorcan educationalist Miquel Porcel and was published in 1934. It's possible to find similar books conceived for another Spanish territories with their own language, even under Franco's dictatorship; our work

Data de recepción: 19-06-2007. Data de aceptación: 02-07-2007.

1 O exemplar estudado pertence a Xosé Álvarez Castro, herdado de seu pai, José Álvarez Corbal, quen o empregou, efectivamente, como libro de texto na escola, na parroquia pontevedresa de Mourente. O autor quere agradecer os consellos e suxestións de Antón Costa, Antón Santamarina, Pedro Payeras, Xesús Ferro Ruibal e, moi especialmente, Damián Suárez Vázquez, quen, ademais, transmitiu os azos precisos para que este traballo saise da gabeta de futuribles; tamén agradece a lectura demorada de Ramón Mariño, que peneirou non poucos despistes, e a eficacia e a xentileza de Euskaltzaindia e do Museo de Pontevedra para a consulta dos seus fondos bibliográficos. Aínda que xa tópico, sinalo que todos os erros e omisións que queden no texto son da miña responsabilidade.

includes a short comparison with some of this kind of books, focusing at semantic fields and number of words. This study also presents an edition of the aforementioned vocabulary which corrects plenty of misprints and read mistakes; there is also an analysis of the considered most important questions, devoting special attention to the source used by the vocabulary's author.

Keywords: School vocabulary, bilingual dictionary, contrastive lexicon, lexicography, textbooks.

*A meus avós, pola memoria e polo exemplo
Para Fernando Pérez, mestre e modelo, in memoriam*

1. INTRODUCCIÓN

O pedagogo Miquel Porcel naceu en Manacor (Mallorca) no ano 1869 e finou en Barcelona en xuño de 1933. Exerceu como mestre de varias materias en diferentes escolas e gañou, en 1890, a praza de rexente da Escola Normal de Palma. Pensionado pola Deputación, realiza (1890-91) unha estada na Escola Normal de Näs (Suecia), aproveitando a viaxe para visitar centros en Gotemburgo, Copenhague, Hamburgo, Bruxelas e outras cidades europeas; en anos posteriores viaxará a outros países do continente. Podemos sinalar do seu labor a especial atención que presta ós traballos manuais e a aposta por facer os nenos protagonistas do proceso de aprendizaxe, ademais da organización de colonias escolares desde 1893. Interéanos especialmente a adopción, na escola que rexentaba e nos libros de texto que veremos a seguir, do método cíclico: “un model cíclic de graduació de set anys que contemplava quatre cycles principais: el preparatori, l'elemental, medi i superior, en un intent d'adaptar el que el nin tenia que aprendre a la seva intel·ligència i evolució natural” (Colom 1984: 37).

Adoptando esta metodoloxía, presenta en 1895 o seu *Curso completo de enseñanza primaria con arreglo al método cíclico*, obra composta en catro libros –un para cada ciclo dos sinalados anteriormente– que son unha compilación de pequenos manuais redactados para cada unha das materias que conformaban o currículo escolar; de feito, estes contan con portada e paxinación independente, non sendo raro, como veremos, que coexistan dentro dun mesmo volumen manuais publicados en anos diversos. A tirada deste curso superou con amplitude o millón de exemplares e a difusión non se limitou só ó ámbito español (incluíndo as “colonias”), senón que foi obra ben valorada en países latinoamericanos. É especialmente estimable este éxito se temos en conta que neste período se producía un importante proceso de concentración de casas editoriais, coa conseguinte diminución da produción local, e unha crítica considerable por parte destas casas ó rol do autor-editor (Escolano 1997, especialmente as pp. 91-96). Por suposto, o concepto de *autor* cómpre enténdelo, no caso que nos ocupa, en sentido amplo². Dunha banda, é moi probable que Porcel tivese que contar co asesoramento

2 Aínda tendo en conta esta circunstancia, por razóns de economía lingüística e por respecto á anotación da portada, falarei sempre de Porcel como o autor deste vocabulario.

doutras persoas (posiblemente profesionais do seu contorno, quizais da propia Escola Normal) para determinados ámbitos específicos, e, sen dúbida, para os vocabularios bilingües que veremos a seguir, coa excepción, quizais, do mallorquino. Doutra banda, é obvio que non pode ser responsable dos cambios introducidos a partir de xuño de 1933, especialmente das modificacións que houbo que facer para se adaptar ós requirimentos da ditadura (foron prohibidos os seus textos, pero axiña volveron obter a autorización necesaria, moitas veces após a introdución dos contidos “patrióticos” de rigor e a reescritura de diferentes apartados)³.

Unha característica moi interesante deste *Curso*, e que posibilita a existencia do vocabulario que estudamos aquí, é a adaptación dos libros de texto ó territorio do alumno. Así, existían edicións especiais, con engadidos específicos para a provincia concreta en que ía ser empregado (referentes, fundamentalmente, á xeografía física e humana) e que incluían vocabularios bilingües nas zonas con lingua propia, tal e como se detallará no apartado 2.3. A cuestión do uso da lingua materna no ensino estaba en voga na altura e foi tema do que se ocupou, entre outros pedagogos, Miquel Porcel, de contundente militancia rexionalista, como demostra o relato que fai Rafel Ballester (Colom 1984: 87) dunha conferencia súa en 1899:

diciendo [M. Porcel] que todo individuo siente predilección innata por la lengua materna la cual es preferible a los demás idiomas extranjeros por perfectos y brillantes que fuesen; que un pueblo tiene existencia como tal mientras posea un idioma propio; que desaparece una lengua cuando desaparece el pueblo (sic) que la habla; que los dominadores ponen empeño en hacer perder el habla nativa a los pueblos dominados para que de este modo pierdan también el recuerdo de su independencia y la noción de su nacionalidad; aparte de todo esto la enseñanza no dará nunca sus frutos mientras el maestro tenga que sostener una lucha titánica para ser entendido y entender a sus discípulos.

Con todo, e deixando de lado os citados vocabularios bilingües, non hai constancia ata o 1934, morto Porcel e ben entrada a Segunda República, de que a casa editorial empregue o catalán como lingua vehicular, imprentando nese ano unha edición do *Grau preparatori*; este libro, máis breve cós seus equivalentes casteláns, conta, a diferenza destes, cunha numeración única, agás dous anexos para os que se aproveitou o que xa estaba impreso para outros volumes: un *Vocabulario catalán-español* (de 1931, 7ª ed.) e as leccións de debuxo, que teñen a portada en catalán, pero os títulos das láminas en español. Claramente, o debate ante a cuestión lingüística tamén estaba vivo en Galicia, con manifestacións similares e algunha tímida aplicación práctica; para este aspecto, consúltese Costa (1989: 191-193, 263-264 e 338-349).

3 Véxase, por exemplo, o *Noticiero gallego* do 11 de outubro de 1936, que reproduce unha nota da *Junta de Inspectores* de Pontevedra, asinada polo Inspector-Xefe Gerardo Álvarez Limeses, que dá conta da “relación de los libros autorizados provisionalmente por la Inspección de Primera Enseñanza para uso en las escuelas nacionales en cumplimiento de lo dispuesto en la Orden núm. 13 de fecha 8 de septiembre de 1936 de la Junta de Defensa Nacional de España”, que inclúe a “Enciclopedia, Porcel y Riera”. O curso Porcel con arreglo ó método cíclico anúnciase repetidas veces nesa publicación por estas datas.

Cómpresinalar, por reveladora, unha *simpática* apostila⁴ que non figura nos vocabularios catalán e galego, pero si en dous dos tres vocabularios de éuscaro que consultei: grao elemental de 1929 (durante o Directorio de Primo de Rivera) e grao medio de 1947 (ditadura franquista) e non así no de grao preparatorio de 1935 (Segunda República)⁵. Sinálasenos o seguinte, en negriña no orixinal:

El conocimiento de la lengua española es necesario:
 Porque todos los españoles tenemos el deber de poseer la lengua de nuestra Patria, lengua rica, sonora, flexible, elegante y exacta cual ninguna.
 Porque por ella podemos relacionarnos con más de **ochenta millones** de habitantes en Europa, África, América y Oceanía.
 Porque en ella están publicados millares y millares de libros instructivos e interesantes, formando una literatura copiosa, en número y valiosa en mérito, tanto o más que cualquiera otra del mundo.

Cal sería o obxectivo perseguido por estes vocabularios? Fáltannos claves para unha visión completa, poderíamos formular dúas hipóteses, non excluíntes. Pola ideoloxía e orientación pedagóxica de Porcel, da que temos arriba unha mostra, parece que unha intención podería ser dar dignidade á lingua materna dos alumnos, que verían escrita a súa fala en pé de igualdade co castelán que se empregaba no resto do libro, pois o contexto da época vedaría que a fala vernácula fose lingua vehicular. Outra intención –desde logo foi esta a interpretación na época franquista, que xustificou a non supresión e incluso reimpresión destes vocabularios– podería ser facilitar o acceso dos cativos ó español, para unha mellor aprendizaxe do resto do libro. Subliño a palabra *acceso*, nunca substitución do galego ou do catalán polo español, xa que non se xustificaría esta actitude, vistos os postulados de Riera.

2. DESCRICIÓN DO VOCABULARIO ESTUDADO⁶

2.1. O volume en que se inclúe

O exemplar estudado é un volume actualmente mutilado no inicio e no final, inda que as páxinas que faltan son poucas. Tal e como se sinalou anteriormente, non é unha obra

4 Non se trata da única advertencia nese sentido presente nun libro de texto, vista a consideración da lingua vasca en determinados períodos históricos. Véxase o traballo de Dávila Balseira (*apud* Escolano Benito 1997: 599-620, a cita está na p. 614), que reproduce unha significativa nota recollida na primeira páxina dun manual de éuscaro de 1925: “esta obra no contiene materia alguna que pueda considerarse atentatoria a la unidad de la patria”.

5 Con todo, habería que analizar vocabularios doutros niveis da época republicana para estarmos certos de que a ausencia de apostila se debe a cuestións ideolóxicas e non a que o texto analizado é de grao preparatorio, mentres que os outros son de elemental e de medio.

6 Nótese que, ó longo deste traballo e no que respecta á descrición do vocabulario, empregarei as cursivas para marcar os títulos das leccións e os lemas cataláns, galegos e éuscaros; as comiñas dobres (“ ”) para as citas textuais da definición en español e as comiñas simples (‘ ’) para marcar o significado dunha palabra determinada. Os grafemas indícaranse entre ángulos (< >).

concibida unitariamente, senón un conxunto de pequenos manuais escolares de diversas materias, que Porcel editaba por separado e logo fundía para compoñer o *Curso completo de enseñanza primaria con arreglo al método cíclico*. Segundo as indicacións das portadas, todos eles corresponden a libros do alumno do grao medio; nelas figura *M. Porcel y Riera* como anotación de autoría, agás no leccionario da disciplina *Elementos de enseñanza moral*, redactado por Fernando Porcel, moi probablemente Fernando Porcel Zanoguera, un dos fillos de don Miquel, que figura como autor doutras obras da casa editorial familiar, por exemplo o *Atlas escolar* (1926) ou a colección de lecturas *España, la bella* (1929, 3ª ed.). Ademais, todos os libros foron publicados en Palma de Mallorca, na tipografía Porcel, como é habitual desde os anos vinte (en edicións anteriores figuraban outros talleres impresores).

En concreto, este volume comprende: 1. *Aritmética*, 16ª ed., 1934, 48 pp. // 2. *Complemento de la aritmética*, sen indicacións de edición nin autor, 24 pp., seguidas de catro follas en papel de cor azulada, tituladas *Tabla de sumar. Tabla de restar. Tabla de multiplicar. Cálculo rápido y mental* // 3. *Gramática*, 15ª ed., 1934, 80 pp. // 4. *Geometría*, 15ª ed., 1933, 48 pp. // 5. *Geografía*, 14ª ed., 1933, 68 pp. // 6. *Elementos de enseñanza moral*, 3ª ed., 1933, 48 pp. // 7. *Agricultura, industria y comercio*, 15ª ed., 1933, 52 pp. // 8. *Ciencias físicas y naturales*⁷, 60 pp., 40 lec. // 9. *Nociones de derecho usual*, 15ª ed., 1933, 32 pp. // 10. *Historia de España*, 14ª ed., 1934, 88 pp. // 11. *Nociones de fisiología, higiene y urbanidad*, 13ª ed., 1933, 28 pp. // 12. *Nociones de lenguaje. Vocabulario gallego-español*, sen indicación do número de edición, 1934⁸, 24 pp. Todos os libros están divididos en 40 leccións, agás o vocabulario, que ten tamén un apartado de *Frases y modismos*.

Como denuncia a lección 30ª do curso de xeografía, estamos diante dun volume adaptado para a provincia de Pontevedra, xa que é a entidade á cal se dedica esta lección, que inclúe un completo mapa. Merece comentario especial o libro *Nociones de derecho usual*, que ten dunha banda as leccións 22ª e 23ª e, da outra, as leccións 22N e 23N: a) o primeiro par está dedicado ó dereito canónico e culto católico; este par está marcado como *edición A*, encerrado nun cadro que ocupa o centro dunha folla con liña de puntos e a anotación *córtese esta hoja si no se desea*; b) un par impreso na tipografía e formato habituais do resto do libro, con contido referente a leis sociais e autoridades competentes na materia laboral. Esta circunstancia é unha boa mostra da mutabilidade do material de texto, especialmente en períodos de mudanza política; sería un traballo comparativo moi interesante analizar baixo este prisma todas as edicións do *Curso*, desde antes do *Desastre de 1898* ata os primeiros anos do franquismo.

7 Falta a portada, coas conseguíntes indicacións de edición e ano. Reconstrúo o título segundo a descrición existente para outros volumes semellantes.

8 Toda vez que os outros vocabularios consultados, de diferentes linguas e niveis, sinalan sempre o número das edicións sucesivas á primeira (non puiden manexar ningunha primeira edición, polo que descoñezo se se indica dalgún modo), o máis lóxico é pensar que o vocabulario gallego-español de grao medio obxecto do noso estudo é unha primeira edición.

2.2. A división en leccións e número de entradas

O vocabulario consta de corenta leccións, con dúas partes diferenciadas polo tamaño da letra. O *Plan de trabajo* presente na segunda folla xustifica esta división: “Una lección de LENGUAJE los lunes, miércoles y viernes por la tarde. La letra grande corresponde al primer curso. En el segundo curso deben darse las lecciones completas”. En principio, cada lección está dedicada a un ou dous campos semánticos, tal e como se indica no título de cada unha delas, pero unha análise máis polo miúdo revela certas peculiaridades. En primeiro lugar, hai varias leccións de contido moi heteroxéneo que engloban realidades moi diferentes, especialmente as tituladas *Acciones* ou *Varios*. En segundo lugar, aínda habendo unha epígrafe concreta, é frecuente que haxa algunhas palabras que non encaixen ben dentro do título da lección. Así, na l. 18ª (*Reptiles y peces*) inclúese un *ornear* – “rebuznar” que claramente non é aplicable, e na l. 23ª (*Cosas minerales y metálicas*) hai un *ar* – “aire” que tería moito máis sentido no apartado referente ó tempo atmosférico.

Formalmente, cada lección estrutúrase en dúas parellas de columnas: a columna da esquerda recolle a forma galega e a da dereita o seu equivalente español; os vocabularios do grao elemental ou preparatorio que consultei só teñen un par de columnas, e non tiven acceso a ningún vocabulario do grao superior, se é que existiron. O número de formas en cada columna é desigual, e tamén o é o número de palabras de cada lección; tampouco é sempre idéntica a proporción entre as formas reservadas para o primeiro curso e as que se acrecentan para o segundo. Por último, tampouco hai unha correspondencia total entre o número de entradas e de lemas de cada lección, pois en non poucas ocasións recóllense dentro dunha mesma entrada dúas ou, raramente, tres formas galegas. A seguinte táboa resume a estrutura do vocabulario:

Lección	Número de entradas (nº de lemas)	(Número de entradas na primeira parte, correspondente ó 1º ano + número na segunda) [entradas por columna]
<i>Lección 1ª: El cuerpo humano</i>	32 (34)	(14+18) [7,7+9,9]
<i>Lección 2: El vestido</i>	33 (33)	(16+17) [8,8+9,8]
<i>Lección 3: La casa</i>	37 (37)	(16+21) [8,8+11,10]
<i>Lección 4: Personas. Adverbios</i>	35 (43)	(14+21) [6,8+10,11]
<i>Lección 5ª: Cualidades. Actos</i>	35 (36)	(14+21) [7,7+11,10]
<i>Lección 6ª: Personas</i>	38 (40)	(16+22) [8,8+11,11]
<i>Lección 7ª: Oficios y trabajos</i>	27 (27)	(16+11) [8,8+6,5]
<i>Lección 8ª: Adverbios y pronombres</i>	38 (39)	(16+22) [8,8+11,11]
<i>Lección 9ª: La tierra</i>	24 (25)	(12+12) [5,7+6,6]
<i>Lección 10ª: El agua</i>	31 (31)	(16+15) [8,8+9,6]
<i>Lección 11ª: Plantas; acciones</i>	33 (33)	(16+17) [8,8+8,9]
<i>Lección 12ª: Árboles y cualidades</i>	28 (28)	(16+12) [8,8+5,7]
<i>Lección 13ª: Frutas. –Cualidades</i>	28 (30)	(15+13) [8,7+7,6]

<i>Lección 14ª: El campo</i>	33 (34)	(15+18) [8,7+10,8]
<i>Lección 15ª: Comestibles</i>	31 (31)	(16+15) [8,8+8,7]
<i>Lección 16ª: Animales</i>	26 (26)	(16+10) [8,8+5,5]
<i>Lección 17ª: Aves</i>	29 (29)	(16+13) [8,8+7,6]
<i>Lección 18ª: Reptiles y peces</i>	32 (33)	(16+16) [8,8+8,8]
<i>Lección 19ª: Acciones</i>	38 (38)	(16+22) [8,8+11,11]
<i>Lección 20ª: Insectos y plantas</i>	31 (31)	(16+15) [8,8+7,8]
<i>Lección 21ª: Cosas de animales</i>	31 (32)	(16+15) [8,8+7,8]
<i>Lección 22ª: Cosas de vegetales</i>	37 (38)	(16+21) [8,8+10,11]
<i>Lección 23ª: Cosas minerales y metálicas</i>	34 (34)	(16+18) [8,8+9,9]
<i>Lección 24ª: Juegos y diversiones</i>	38 (38)	(16+22) [8,8+11,11]
<i>Lección 25ª: Varios</i>	29 (30)	(16+13) [8,8+7,6]
<i>Lección 26ª: Cosas del campo</i>	31 (31)	(14+17) [6,8+8,9]
<i>Lección 27: Cosas de oficios</i>	35 (36)	(14+21) [8,6+11,10]
<i>Lección 28ª: Cosas. –Gobierno</i>	37 (37)	(16+21) [8,8+10,11]
<i>Lección 29ª: La Ciudad. –La Nación</i>	32 (32)	(16+16) [9,7+8,8]
<i>Lección 30ª: Acciones</i>	36 (36)	(16+20) [8,8+10,10]
<i>Lección 31: Cosas de la Iglesia</i>	37 (37)	(10+27) [5,5+13,14]
<i>Lección 32ª: El espíritu</i>	36 (36)	(16+20) [8,8+10,10]
<i>Lección 33ª: El tiempo</i>	43 (43)	(15+28) [8,7+13,15]
<i>Lección 34ª: El Universo</i>	31 (34)	(13+18) [8,5+9,9]
<i>Lección 35ª: Tiempo. –Acciones</i>	30 (31)	(16+14) [8,8+7,7]
<i>Lección 36ª: Varios</i>	33 (34)	(14+19) [8,6+10,9]
<i>Lección 37ª: Acciones</i>	30 (30)	(16+14) [8,8+7,7]
<i>Lección 38ª: Medidas. Cualidades</i>	32 (32)	(16+16) [9,7+8,8]
<i>Lección 39ª: Males</i>	36 (36)	(15+21) [7,8+11,10]
<i>Lección 40ª: La Vida</i>	35 (36)	(15+20) [9,6+10,10]

Por tanto, este *Vocabulario* conta cun total de 1322 entradas (1351 lemas), practicamente o dobre das que contiña o texto analizado por Alonso Montero (2006), correspondente ó grao preparatorio. Con todo, a cifra de voces únicas é menor, 1285, pois hai un número significativo de formas que se repiten nas diferentes leccións. Non todas as repeticións son exactas: das 66 sinaladas, 20 parellas presentan algún tipo de discrepancia na definición, mentres que os cambios son de certa entidade só en 8 pares. A existencia de formas idénticas a nivel de significante (xunto cos numerosos erros gráficos ou as palabras que non se corresponden co título da lección) confirma que non existiu unha revisión demorada do vocabulario e parece apoiar a hipótese de que este vocabulario bebe de diversas fontes, que logo non serían integradas co máximo coidado. Nesa liña, sinalamos tamén a existencia de diferentes variantes morfolóxicas para un concepto idéntico ou moi similar, tal e como se anotará no seguinte cadro (p.ex. *gran* “grano” e *grao* “semilla”, na lección 22ª). Na táboa que se presenta a continuación pódense consultar as repeticións e, ademais, casos de homonimia e de variación gráfica (que non se tiveron en conta no cómputo das 66 voces repetidas).

Letra	Formas	Formas únicas	Lemas repetidos
A	162	153	<p><i>Acadar</i> (l. 14^a, 34^a e 37^a) <i>Adoar</i> (l. 14^a e 27^a) <i>Aforcar</i> (l. 39^a) <i>Agachar</i> “ocultar” (l. 35^a) – <i>Agachar</i> “ocultar, esconder” (l. 37^a) <i>Agarimar</i> “acariciar” (l. 27^a) – <i>Agarimar</i> “amparar, acariciar” (l. 31^a) <i>Agora</i> (l. 33^a e 34^a) <i>Algarear</i> “vocear” (l. 35^a) – <i>Algarear</i> “vocear, gritar” (l. 37^a) <i>Arboredo</i> (l. 12^a e 22^a) -- Por teren definicións diferentes, non contabilizo as voces <i>ameixa</i> (l. 13^a e 18^a) e <i>Anxel/anel</i> (l. 4^a, 31^a). Por existir discrepancia na grafía, non computo como repetido o par <i>Aeito</i> “Sin respeto, todo seguido” (l. 27^a) – <i>Aheito</i> “A destajo” (l. 27^a).</p>
B	77	75	<p><i>Beixar</i> (l. 6^a e 19^a) <i>Besta</i> (l. 14^a e 16^a) -- Repítase a voz <i>bagullo</i>, definido unha vez como “bagazo” (l. 26^a) e outra como “grano de uva” (l. 36^a), acepción próxima, pero non idéntica, polo que non o contabilizo como repetido.</p>
C ⁽¹⁾	181	169	<p><i>Cabaleiro</i> (l. 6^a e 29^a) <i>Cadaleito</i> (l. 40^a) <i>Caravel</i> (l. 13^a e 20^a) <i>Cedo</i> “temprano, luego” (l. 4^a) – <i>cedo</i> “temprano” (l. 35^a) <i>Cheo</i> (l. 25^a e 38^a) <i>Choca</i> (l. 17^a) <i>Chuvia</i> (l. 33^a e 34^a) <i>Ciscar</i> “soltar, dejar caer” (l. 35^a) – <i>ciscar</i> “soltar” (l. 37^a) <i>Cobizar</i> “desear” (l. 27^a) – <i>cobizar</i> “desear, envidiar” (l. 31^a) <i>Compañía</i> (l. 28^a e 31^a) <i>Corisco</i> “chubasco de nieve y granizo” (l. 33^a) – <i>Corisco</i> “chubasco” (l. 34^a) <i>Cortiza</i> (l. 22^a e 26^a) “corcho” -- Existen tanto <i>cacho</i> “racimo de uva” (l. 13^a) coma <i>cacho</i> “pedazo pequeno” (l. 36^a). Hai outro rexistro máis de <i>cortiza</i> na l. 22^a, pero definido como “corteza”, polo que non o computo como repetición.</p>
D	48	47	<p><i>Deitar</i> “acercar, acostar” (l. 30^a) – <i>deitar</i> “acostar” (l. 37^a)</p>
E	79	77	<p><i>Enrolar</i> (l. 35^a e 37^a) <i>Estoupar</i> (l. 15^a e 26^a)</p>

F	91	85	<p><i>Fachenda</i> “presunción, vanidad” (l. 28ª) – <i>fachenda</i> “vanidad, presunción” (l. 31ª) <i>Fada</i> “hada, hechicera” (l. 40ª) – <i>fadas</i> “vírgenes druídicas” (l. 24ª) <i>Febreiro</i> (l. 33ª e 34ª) <i>Frade</i> (l. 7ª e 31ª) <i>Fraga</i> “matorral” (l. 9ª) e <i>fraga</i> “dehesa, matorral” (l. 22ª) <i>Fumegar</i> (l. 3ª e 36ª)</p>
G	33	33	<p>Temos dúas palabras idénticas na forma, pero a definición defectuosa non permite determinar se se refiren ó mesmo concepto: <i>Gándara</i> “tierra inculta” (l. 9ª) – <i>Gándara</i> “llano, resuelto” (l. 20ª). Nótese tamén a proximidade morfolóxica das formas <i>gran</i> “grano” e <i>grao</i> “semilla”, na lección 22ª (variantes dialectais?).</p>
H	15	13	<p><i>Herdeiro</i> (l. 6ª e 36ª) <i>Home</i> (l. 28ª e 31ª) -- Cómpre sinalar que o vocabulario recolle tanto a voz <i>oxe</i> (l. 33ª) coma <i>hoxe</i> (l. 8ª), que non conto como repetición por teren diferente grafía.</p>
I	12	12	
L	82	77	<p><i>Lanzal</i> “gentil, alto” (l. 5ª) – <i>lanzal</i> “elegante, airoso” (l. 38ª) <i>Léria</i> “habladuría” (l. 29ª) – <i>leria</i> “charla” (l. 40ª) <i>Liña</i> “línea recta” (l. 3ª) – <i>liña</i> “brizna, línea” (l. 26ª) <i>Liviano</i> (l. 23ª e 38ª) <i>Louro</i> “dorado” (l. 23ª) – <i>louro</i> “rubio” (l. 25ª) -- Recolleuse tamén o caso dunha forma idéntica no enunciado, pero con cambio de categoría, de substantivo a verbo: <i>lumiár</i> “luminar, luz potente” – <i>lumiár</i> “iluminar”. Así mesmo, teñen significados próximos <i>lume</i> “lumbre” (l. 3ª) e <i>o lume</i> “la luz” (l. 34ª).</p>
M	79	77	<p><i>Manteiga</i> “mantequilla” (l. 15ª) – <i>manteiga</i> “manteca” (l. 21ª), aínda que poderían non ser sinónimos, dependendo da acepción concreta de “manteca”. <i>Millo</i> (l. 15ª e 20ª)</p>
N	31	30	<p><i>Nado</i> (l. 5ª e 40ª) -- Coinciden a nivel de significante as voces <i>neto</i> “cuartillo de líquido” e <i>neto</i> “nieto”.</p>
O	32	29	<p><i>Orde</i> (l. 28ª e 31ª) <i>Orvallo</i> (l. 33ª e 34ª) <i>Ourizonte</i> (l. 33ª e 34ª) -- O vocabulario recolle tanto a voz <i>oxe</i> (l. 33ª) coma <i>hoxe</i> (l. 8ª); atendendo á variación gráfica, non a computo como repetición.</p>

P	109	105	<i>Palleiro</i> (l. 3ª e 26ª) <i>Pregar</i> “suplicar” (l.19ª) – <i>pregar</i> “rogar” (l. 27ª, 31ª) <i>Primadeira</i> (l. 33ª e 34ª) <i>Proveito</i> (l. 24ª)
Q	13	13	Como homónimos, temos <i>quinteiro</i> ‘cercado’ (l. 3ª) e <i>quinteiro</i> ‘arrendador’ (l. 7ª)
R	56	53	<i>Rato</i> (l. 16ª) <i>Reise</i> “cantar” (l. 7ª) – <i>reise</i> “canto” (l. 17ª)
S	87	81	<i>Sair</i> (l. 7ª e 30ª) <i>Seara</i> (l. 13ª e 22ª) <i>Selo</i> (l. 28ª e 31ª) <i>Semente</i> (l. 22ª e 36ª) <i>Silva</i> (l. 11ª e 20ª) <i>Solio</i> “Solana, parte a donde da el sol” (l. 9ª) e <i>solio</i> “terreno donde da el sol” (l. 14ª) -- No apartado de formas similares temos que sinalar <i>serpe</i> e <i>serpente</i> (as dúas na l. 18ª), que comparten a definición “serpiente”; tamén <i>soán</i> (l. 34ª) e <i>soao</i> (l. 33ª), definidos os dous como “viento poniente” (lémbrese <i>gran-grao</i> , un par xa sinalado antes). Para o caso de <i>sona</i> , véxase o comentado na edición da lección 25ª.
T	72	69	<i>Teixido</i> (l. 12ª) <i>Tirar</i> “quitar” (l. 11ª) e <i>tirar</i> “quitar, sacar” (l. 38ª) <i>Tornar</i> “separar” (l. 11ª e 38ª)
U	7	7	
V	35	34	<i>Veira</i> (l. 35ª e 37ª)
X	38	34	<i>Xaneiro</i> (l. 33ª e 34ª) <i>Xeva</i> (l. 12ª e 20ª) <i>Xosgado</i> (l. 28ª e 31ª) <i>Xullo</i> (l. 33ª e 34ª)
Z	9	9	
Numerais	3	3	
(1) Incluío tamén aquí as entradas encabezadas polo dígrafo <ch>, que son 30 (27 únicas).			

2.3. Comparación cos vocabularios bilingües de grao medio publicados por Porcel para outras áreas lingüísticas

Como se sinalou anteriormente, unha característica significativa dos libros de Porcel é estaren adaptados para as provincias de destino; nas zonas con lingua propia incluíase (tamén durante o franquismo) un vocabulario bilingüe. Así, e para diferentes niveis, habería vocabularios árabe-español, catalán-español (existindo tamén un mallorquino-español diferenciado),

éuscaro-español e gallego-español⁹. Aínda que Colom Cañellas (1984) cita ese vocabulario árabe-español, non fun quen de localizar un exemplar¹⁰, pero si tiven acceso a exemplares do vocabulario do grao medio cataláns (*Nociones de lenguaje. Vocabulario catalán-castellano*, 1925, 2ª ed., conservado na universidade Rovira i Virgili) e vascos (*Nociones de lenguaje. Vocabulario euzkera-español*, 1947, 5ª ed., conservado na biblioteca da Euskaltzaindia), para comparalos co exemplar gallego-español que é obxecto deste estudo.

Nº de lección	Título no vocabulario gallego (1934)	Nº de entradas	Título no vocabulario catalán (1925)	Nº de entradas	Título no vocabulario éuscaro (1947)	Nº de entradas
1	<i>El cuerpo humano</i>	32	<i>El cuerpo humano</i>	32	<i>El cuerpo humano</i>	36
2	<i>El vestido</i>	33	<i>El vestido</i>	30	<i>El vestido</i>	36
3	<i>La casa</i>	37	<i>La casa</i>	36	<i>La casa</i>	36
4	<i>Personas. Adverbios</i>	35	<i>La escuela</i>	39	<i>La escuela</i>	36
5	<i>Cualidades. Actos</i>	35	<i>Los muebles</i>	36	<i>Muebles y cosas de casa</i>	36
6	<i>Personas</i>	38	<i>Las personas</i>	40	<i>Las personas</i>	35
7	<i>Oficios y trabajos</i>	27	<i>Oficios</i>	37	<i>Oficios y comestibles</i>	36
8	<i>Adverbios y pronombres</i>	38	<i>Profesiones</i>	33	<i>Verbos</i>	36
9	<i>La tierra</i>	24	<i>La tierra</i>	36	<i>La tierra</i>	36
10	<i>El agua</i>	31	<i>El agua</i>	38	<i>El agua</i>	36
11	<i>Plantas; acciones</i>	33	<i>Las plantas</i>	38	<i>Las plantas</i>	36
12	<i>Árboles y cualidades</i>	28	<i>Los árboles</i>	35	<i>Los árboles</i>	36
13	<i>Frutas – cualidades</i>	28	<i>Las frutas</i>	34	<i>Las frutas.- Cosas de vegetales</i>	36
14	<i>El campo</i>	33	<i>Cosas del campo y plantas</i>	36	<i>Actos</i>	36
15	<i>Comestibles</i>	31	<i>Plantas alimenticias</i>	34	<i>Plantas alimenticias</i>	36
16	<i>Animales</i>	26	<i>Animales</i>	36	<i>Animales</i>	36
17	<i>Aves</i>	29	<i>Aves</i>	32	<i>Aves</i>	36

- 9 Para os vocabularios de lingua catalá, nesas dúas variantes, véxase Marcet e Solá (1998: 1667-69). Esa obra dá unha boa mostra do prolífico da casa editorial de Porcel e do sucederse de edicións. Para unha listaxe da produción bibliográfica de Porcel, vid. Colom (1984: 93-98). En calquera caso, o gran número de edicións, o tempo transcorrido e a esixencia de depuración e actualización de textos motivada pola ditadura franquista son a causa das enormes dificultades que presenta ter noticia (canto máis o acceso a exemplares!) das tiraxes concretas do mallorquino.
- 10 Indícame Pedro Payeras que ningunha das edicións para o norte de África que consultou (graos elemental e medio) incluía ese vocabulario.

18	<i>Reptiles y peces</i>	32	<i>Reptiles, anfibios y radiados</i>	31	<i>Reptiles e insectos. Cosas de animales</i>	36
19	<i>Acciones</i>	38	<i>Peces</i>	34	<i>Peces</i>	36
20	<i>Insectos y plantas</i>	31	<i>Insectos</i>	31	<i>Acciones</i>	36
21	<i>Cosas de animales</i>	31	<i>Cosas de animales</i>	36	<i>Cosas de casa</i>	36
22	<i>Cosas de vegetales</i>	37	<i>Cosas de vegetales</i>	32	<i>Cosas de mesa</i>	36
23	<i>Cosas minerales y metálicas</i>	34	<i>Minerales y metales</i>	33	<i>Cosas minerales y metálicas</i>	35
24	<i>Juegos y diversiones</i>	38	<i>Juegos. Varios</i>	34	<i>Juegos y diversiones</i>	36
25	<i>Varios</i>	29	<i>Armas y utensilios</i>	37	<i>Acciones</i>	36
26	<i>Cosas del campo</i>	31	<i>Objetos e instrumentos</i>	36	<i>Armas.- Instrumentos</i>	35
27	<i>Cosas de oficios</i>	35	<i>Instrumentos de oficios</i>	38	<i>Instrumentos</i>	35
28	<i>Cosas.-Gobierno</i>	37	<i>Nación.- Gobierno</i>	37	<i>Acciones</i>	36
29	<i>La Ciudad.-La Nación</i>	32	<i>Varios</i>	38	<i>Vida social</i>	47
30	<i>Acciones</i>	36	<i>Actos varios</i>	34	<i>Acciones</i>	48
31	<i>Cosas de la Iglesia</i>	37	<i>Cosas de Iglesia</i>	33	<i>Cosas de Iglesia.- Espiritu</i>	52
32	<i>El espíritu</i>	36	<i>El espíritu</i>	34	<i>Acciones</i>	43
33	<i>El tiempo</i>	43	<i>El tiempo y fenómenos</i>	34	<i>El tiempo y fenómenos</i>	48
34	<i>El Universo</i>	31	<i>El Universo</i>	33	<i>Acciones</i>	47
35	<i>Tiempo.-Acciones</i>	30	<i>Varios</i>	34	<i>Documentos.- Comunicaciones</i>	47
36	<i>Varios</i>	33	<i>Cosas de marina</i>	34	<i>Cosas de marina</i>	40
37	<i>Acciones</i>	30	<i>Actos</i>	35	<i>Actos</i>	51
38	<i>Medidas. Cualidades</i>	32	<i>Pesas y medidas</i>	34	<i>Pesas y medidas</i>	45
39	<i>Males</i>	36	<i>Enfermedades</i>	38	<i>Males y bienes</i>	47
40	<i>La Vida</i>	35	<i>La Vida</i>	34	<i>La vida</i>	48
TOTAL		1322		1396		1567

Con respecto ó número de entradas, o vocabulario galego e o seu equivalente catalán están na mesma liña; afástanse deles o vasco, con duascenas palabras máis, isto é, un 18% de contido adicional. No que respecta á distribución en leccións, este último é o máis regular, con diferenza, pois ata a lección 28ª sempre tiña o mesmo número de entradas, agás contadas

excepcións, debidas a que a definición excedía a liña que lle correspondía e invadía o espazo asignado en principio á entrada seguinte.

As diferenzas son aínda máis considerables no que respecta ó título e contido das leccións. En primeiro lugar, hai que recuperar o xa comentado para o vocabulario galego: a distribución das palabras en leccións non é sempre axeitada, pois non todas se adscriben ó tema inicial proposto no título. Así, o vocabulario catalán inclúe entradas como *flamejar* – “arder” na lección 7^a, consagrada ós oficios, ou *poch me fa* – “poco me importa” na lección 13^a, que se ocupa das froitas; do mesmo modo, o vocabulario vasco inclúe *Berpizkunde* – “Pascua de Resurrección” na lección 26^a (armas, instrumentos) ou *makal* – “debil (sic)” na lección 35^a, que fala de documentos e comunicacións. Con todo, tampouco son maioría estas desviacións, que quizais se poidan deber a incorporacións posteriores ou a reequilibrios entre leccións, para axustar o número de entradas de cada unha.

No tocante á correspondencia entre leccións co mesmo número nos diferentes vocabularios, unicamente 21 das 40 presentan unha correlación de identidade forte, ás veces con lixeiras variacións no título. Adicionalmente, hai tamén coincidencias bilaterais, ben entre o vocabulario galego e o catalán (7 casos, p.ex. a lección 14^a), ben entre o catalán e o vasco (6 casos, p.ex. a lección 36^a). Pola contra, son ben escasas as correspondencias existentes entre o galego e o éuscaro, deixando fóra o catalán: só podemos considerar o caso da lección 29^a, de contido semellante, inda que non transluz polo título; este feito quizais poida ser xustificado por cuestións editoriais, porén, a carencia de datos nin nos permite facer hipóteses ó respecto.

Unha dúbida que xurdira no momento de concibir este traballo era determinar se todos os vocabularios obedecían a un mesmo modelo, isto é, se recollían idénticos conceptos, o que implicaría que a parte española do vocabulario sería esencialmente a mesma en calquera deles. A análise contrastiva entre os tres vocabularios demostra que os letrados son totalmente distintos. Se collemos como mostra a primeira lección, vemos que todos os conceptos incluídos nos glosarios das tres linguas son diferentes; na segunda lección xa hai algunha semellanza, pero irrelevante (entre o galego e o catalán só coinciden 3 palabras dun total de 33 lemas no galego e 30 no catalán) e esta será a tónica no resto do vocabulario, cunhas coincidencias esporádicas que se explican perfectamente porque os campos semánticos son finitos e a maioría do vocabulario é de uso xeral.

Por último, sinalemos que nin o vocabulario vasco nin o catalán contan co repertorio de modismos que pecha o noso volume, extraído presumiblemente da gramática de Lurgís (1931²).

2.4. Comparación co vocabulario deseñado para o grao preparatorio

A situación relatada no apartado anterior non é moi distinta se comparamos o noso vocabulario do grao medio co do grao preparatorio de 1947 (8^a ed.) que estudou Alonso Montero (2006), un vocabulario máis breve, que consta de 665 palabras, normalmente unhas

16 por lección. Como se sinalou para o noso manual, as leccións poden conter entradas non moi axeitadas ó título da lección (p.ex. *Frangullar* – “hacer migas” na l. 13ª, referente a froitas), pero esta obra do grao preparatorio é bastante máis coherente e estes desvíos son escasos.

Comparando a organización dos dous vocabularios, muda substancialmente o campo semántico de cinco leccións (a 7ª dedícase no preparatorio a *Actos*; a 30ª ó *Espíritu*; a 35ª a *Cosas de la sociedad. Comunicación*; a 36ª a *Cosas de marina*; a 38ª a *Números*); hai dúas leccións que cambian de título, pero porque o manual do grao preparatorio ten menos voces e máis homoxéneas entre si, e o do grao medio peca de moita vaguidade, incluíndo elementos ben diferentes, polo que o título non pode ser tan preciso, inda que boa parte das formas sexan coincidentes (a 25ª ten de título no medio *Varios* e no preparatorio *Armas*; a 37ª é *Acciones* no primeiro e *Actos corporales* no segundo). Son sete as leccións en que o vocabulario preparatorio opta por ofrecer un contido máis restrito có vocabulario do grao medio (11ª-13ª, 15ª, 20ª, 28ª e 38ª), especialmente naqueles casos en que o contido fixado para o grao medio é moi heteroxéneo (p.ex. a 11ª). Pero tamén existe o proceso contrario, dando o vocabulario preparatorio un marco máis amplo para unha lección de título (outra cousa é o contido, claro) máis preciso no grao medio: é o caso das leccións 14ª, 18ª, 24ª e 26ª. Por último, cómpre anotar que só catorce das leccións teñen título coincidente nos dous vocabularios, pois, ademais das dezaioito modificacións de importancia arriba anotadas, hai pequenas variacións (inserción de artigo ou preposición, fundamentalmente). Atendendo ó contido das leccións que aparecen e desaparecen, nada dá a entender que este baile poida deberse a cuestións políticas ou sociais; habería que analizar o contido de exemplares do vocabulario preparatorio anteriores á rebelión franquista para podermos profundar nesas cuestións.

Polo que respecta ás palabras que son comúns a ambos os dous dicionarios, o grao de coincidencia depende moitísimo da lección, como se pode verificar na seguinte táboa¹¹:

Título da lección no grao preparatorio	Número de entradas (Número de lemas)	Formas que aparecen no vocabulario do grao preparatorio e non aparecen, ou figuran con distinto valor, no do medio
<i>Lección 1ª: El cuerpo humano</i>	16 (16)	14: <i>beizos, cabelo, costras, dente, destra, fazulas, fronte⁺, lingua, man, ollo, orella, pe, ventre, xiollos.</i>
<i>Lección 2: El vestido</i>	15 (15)	2: <i>aba, fita.</i>
<i>Lección 3: La casa</i>	19 (19)	8: <i>acea, bes, boralla, cabazo*, chamizo, eido, lareira, lumiar⁺.</i>

11 Cito as formas sen corrixir os erros de lectura e tipográficos do vocabulario do grao preparatorio. Marco cun asterisco (*) os casos en que a palabra en cuestión se inclúe tamén no vocabulario do grao medio, pero nunha lección de distinto número; marco cun signo de adición (†) os casos de palabra coincidente –en calquera lección– pero con significado distinto (p.ex. *fronte* “frente” na lección 2ª do preparatorio e *fronte* “fachada” na lección 3ª do grao medio). Contabilizo como coincidentes aqueles casos con lixeiras variantes, especialmente se motivadas por erro (p.ex. *pompa* – *pomba*).

<i>Lección 4: Escuela.-Nombres</i>	21 (25)	25: <i>agulla, agulleiro, alfinete, Bieito, Chinto, encaixe, encolo, enfiar, Farruco, Fuco, iinsiñar, Locaia, madeixa*, Marica, Martiño, Maruxa, Mingos, suxecto, Xan, Xeromo, Xosé, Xorge, Xuán, Xulián, Xurxo.</i>
<i>Lección 5ª: Cualidades</i>	19 (19)	19: <i>acedo, cór, crecho*, esperto, finchado, lonxano, malpocado, pequeno, rouco, roxo, silandeiro, tépido, turdio.</i>
<i>Lección 6ª: Las personas</i>	21 (21)	17: <i>adade, afillado, alguen, anciania, baldreu, dona, doudo, escravitude, famento, lambón, nora, nugallán, picaro, ralea, rapariga, sogro, xenro.</i>
<i>Lección 7ª: Actos</i>	21 (21)	11: <i>alumar*, asolarse, chá, deliñar, desacochar, fogaxe*, imprimir, mester, pedreiro, quiñón, rabenar.</i>
<i>Lección 8ª: Adverbios</i>	16 (16)	14: <i>cedo*, dempois, dendes, enbaixo, enriba, lonxe*, nantrote, ninguen, ningures, non, onde, onte, redor, sempre.</i>
<i>Lección 9ª: La tierra</i>	16 (16)	15: <i>beira, campelo, camposa, chan, chao, ramallera, souto, terra, terreo, val.</i>
<i>Lección 10ª: El agua</i>	16 (16)	3: <i>bulleiro, enxoiro*, humedade.</i>
<i>Lección 11ª: Acciones</i>	20 (20)	5: <i>alcumar, escomenzar, pendurar*, resurxir, tornar*.</i>
<i>Lección 12ª: Árboles</i>	16 (16)	1: <i>piñeiral*.</i>
<i>Lección 13ª: Frutas</i>	17 (19)	3: <i>aveleira, cereixa, froita.</i>
<i>Lección 14ª: El campo</i>	16 (16)	2: <i>arremuiñar, escorrentar.</i>
<i>Lección 15ª: Comestibles</i>	16 (16)	3: <i>avea, despinacar.</i>
<i>Lección 16ª: Animales</i>	16 (16)	2: <i>cuxo, tonciño / O Medio ten coenllo, aquí coello.</i>
<i>Lección 17ª: Animales</i>	16 (16)	1: <i>quimo*</i>
<i>Lección 18ª: Animales</i>	16 (16)	3: <i>aniñar, maduridade, raxo.</i>
<i>Lección 19ª: Acciones</i>	16 (16)	6: <i>amortecer, arroubar, deixar, espilir, traballar, tripar*.</i>
<i>Lección 20ª: Insectos, etc.</i>	16 (16)	2: <i>abellón, peira. / O Medio ten escaraballo e vispera, aquí néspere e escarabello.</i>
<i>Lección 21ª: Cosas animales</i>	16 (16)	0
<i>Lección 22ª: Cosas vegetales</i>	17 (17)	2: <i>madurazón, vidra*.</i>
<i>Lección 23ª: Minerales</i>	16 (16)	1: <i>gran*.</i>
<i>Lección 24ª: Juegos, distracciones</i>	16 (16)	0
<i>Lección 25ª: Armas</i>	16 (16)	1: <i>feitio.</i>

<i>Lección 26ª: Cosas.-Instrumentos del campo</i>	15 (15)	0
<i>Lección 27: Instrumentos de oficio</i>	16 (17)	2: <i>argadelo*</i> , <i>subela</i> .
<i>Lección 28ª: Gobierno</i>	16 (16)	0
<i>Lección 29ª: La ciudad</i>	16 (16)	2: <i>fiada</i> , <i>moimento</i>
<i>Lección 30ª: El espíritu</i>	16 (16)	16: <i>azo</i> , <i>cachola*</i> , <i>comparanza</i> , <i>desiño</i> , <i>destempero+</i> , <i>dúbida</i> , <i>efeito</i> , <i>esprito</i> , <i>laudes</i> , <i>ledicia</i> , <i>medoñento</i> , <i>pacencia</i> , <i>relembro</i> , <i>ribés</i> , <i>siso</i> , <i>tolería</i> .
<i>Lección 31: Cosas de la Iglesia</i>	17 (17)	4: <i>enamigo</i> , <i>leigo</i> , <i>mosteiro*</i> , <i>percesión</i> .
<i>Lección 32ª: Actos espirituales</i>	15 (15)	1: <i>esmola</i> .
<i>Lección 33ª: El tiempo</i>	16 (16)	0
<i>Lección 34: El universo</i>	16 (19)	2: <i>o ceo*</i> , <i>lus</i> ‘luz’+ (si que coincide un <i>lus</i> ‘luns’).
<i>Lección 35ª: Cosas de la sociedad. Comunicación</i>	16 (16)	16: <i>carreiro</i> , <i>carris</i> , <i>congostra</i> , <i>corredoira</i> , <i>estrada</i> , <i>lameira</i> , <i>novas</i> , <i>obriga</i> , <i>ponte*</i> , <i>rueiro</i> , <i>sacho</i> , <i>verea</i> , <i>viaxe</i> , <i>vieiro</i> , <i>viravolta</i> , <i>vreda</i> .
<i>Lección 36ª: Cosas de marina</i>	16 (16)	16: <i>ancelo</i> , <i>anca</i> , <i>badía</i> , <i>baixamar</i> , <i>barcaxe</i> , <i>courel</i> , <i>dorna</i> , <i>mariña</i> , <i>nao</i> , <i>peirao</i> , <i>porto</i> , <i>rapeta</i> , <i>sella</i> , <i>serea*</i> , <i>tilla</i> , <i>xabre*</i> .
<i>Lección 37ª: Actos corporales</i>	16 (16)	1: <i>choutar</i> .
<i>Lección 38ª: Números</i>	16 (17)	16: <i>catro</i> , <i>cen</i> , <i>cincocentos</i> , <i>cincoenta</i> , <i>corenta</i> , <i>dazaseis</i> , <i>dez</i> , <i>dous</i> , <i>nove</i> , <i>oitenta</i> , <i>oito</i> , <i>sete</i> , <i>trinta</i> , <i>un</i> , <i>unha</i> , <i>vinte</i> .
<i>Lección 39ª: Males</i>	17 (17)	11: <i>aldraxar</i> , <i>batala</i> , <i>deño*</i> , <i>desfeita</i> , <i>doenza</i> , <i>empezoñar</i> , <i>faladuría</i> , <i>pezona</i> , <i>quimeria</i> , <i>tatexo</i> , <i>tirria</i> .
<i>Lección 40ª: La Vida</i>	16 (16)	5: <i>apetu</i> , <i>boletín</i> , <i>morte</i> , <i>nascer</i> , <i>sono</i> .

Con todo, non sempre os lemas incluídos en ambos os dous dicionarios presentan unha coincidencia plena. Xa sinalamos na táboa algúns casos de discrepancia no significativo (p.ex. *coello* vs. *coenllo* na lección 16), pero hai tamén diferenzas no que respecta ó significado, que non son importantes na cantidade, pero que si indican que no momento de deseñar os vocabularios dos diferentes niveis houbo un tratamento individualizado do material incluído en cada nivel, non unha transferencia automática dun grao a outro. Algúns exemplos son: *trono* “trueno, estruendo” en Preparatorio e *trono* “trueno” en Medio (l. 33); “*eivar* – tullir” en Prep. e “*eivar* – tullir, baldar” en Medio (l. 39); *lunazón* “lunación” en Preparatorio fronte a *lunazón* “mes lunar” (l. 34) no Medio, etc. Hai que sinalar, non obstante, que esas alternancias entre definicións de só un ou de dous sinónimos tamén se dan no seo do propio vocabulario do grao medio, tal e como quedou de manifesto ó falar das repeticións.

Analizando a táboa anterior podemos observar que máis dun terzo do contido das leccións do vocabulario do grao preparatorio (en concreto, 252 lemas) é inédito en confronto coas voces existentes nas leccións de igual numeración no grao medio. A cifra redúcese un pouco se temos en conta as repeticións que se dan en todo o conxunto, con independencia da lección concreta en que se sitúen. Falamos, nese caso, de 225 formas non coincidentes, o que significa que o vocabulario galego-español de Porcel, nas edicións que coñecemos, abrangue un total de 1510 formas únicas, lonxe dun Valladares¹² e, por suposto, dun Eladio, pero non tanto dun Rodríguez (3859 voces, segundo o cómputo de Santamarina 2003) ou dun Lugrís (3100 voces aproximadamente na segunda edición).

2.5. Fonte(s) do vocabulario

Como apunte preliminar, é imprescindible termos en conta o sinalado no apartado 3.1 a propósito dos erros que presenta este vocabulario, un feito que implica que non sempre poidamos estar seguros de que a forma impresa na páxina sexa a correcta.

A nosa hipótese inicial supuña que esta obra fora confeccionada a partir de dicionarios impresos. Para verificala, confrontouse o contido do vocabulario coas obras lexicográficas difundidas na época e ás que Porcel e os seus colaboradores puideron ter acceso; con esta finalidade, seleccionamos os dicionarios incluídos no *Diccionario de diccionarios* (Santamarina 2003a) que eran anteriores a 1934 —é certo que un bo número deles non eran moi accesibles na altura, pero pareceu preferible pecar por exceso—, e engadinos tamén o vocabulario incluído na 2ª edición da *Gramática do idioma galego* de Lugrís Freire (1931) e o *Vocabulario castellano-gallego* das Irmandades da Fala (1933).

Nesta análise contrastiva apareceron varias formas non incluídas en ningún dos dicionarios estudados. Sen ánimo de sermos exhaustivos, sinalamos: *nispro* (l. 13ª), *piño* ‘piñón’ (l. 13ª), *herbella* ‘lentella’ (l. 15ª), *tortela* (l. 15ª), *sandijuela* (l. 18ª), *escintilar* “brillo, reflejo” (substantivo) (l. 25ª), *irmita* (l. 28ª), *sagro* (l. 31ª), *sobreteima* “testarudez” (l. 32ª), *Camiño de Santiago* ‘Vía Láctea’ (l. 35ª), *estrelleira* (l. 35ª), *prefeuto* (l. 38ª) ou *esvelluar* “envejecer” (l. 40ª).

Da outra banda, tamén hai voces claramente recollidas de dicionarios concretos, cando menos na definición. É certo que o coñecido hábito dos dicionaristas de papeletizar dicionarios anteriores nos complica a atribución a fonte determinada, pero hai casos en que é lícito sospeitar unha orixe moi concreta. Na primeira lección inclúese unha entrada “*baijar* – bajar, descender”; o uso do grafema <j> para o fonema fricativo prepalatal xordo é totalmente excepcional neste vocabulario, pero si que é o uso habitual en Valladares, que inclúe a voz *baijar* e a define como “bajar, descender”. Por tanto, é plausible que a forma *baijar* proceda de Valladares e Porcel (ou o seu informante) esquecese facer a regularización gráfica que si fixo

12 Na Bibliografía final do artigo indícase a referencia completa dos dicionarios citados.

noutras circunstancias. A entrada *faisca* (l. 22^a) é definida por Porcel como “ceniza ligera”, a mesma definición que dá Valladares, fronte a “Partícula de fuego que salta de la lumbre o de un acumulador eléctrico” de Carré. Do mesmo modo, unicamente Valladares (s.v. *caròca*) emprega a palabra “lisonja” na definición de *caroca* (l. 32^a), fronte a unha “mentira” de Carré ou a “mentira, falsedad, embuste” de Filgueira *et alii*. Claramente, tamén temos diferentes lemas que non aparecen no Valladares, pero si noutros dicionarios, por exemplo: *estrelecer* (l. 33^a), que só aparece no Carré e en Lugrís, inda que neste último non como verbo; *primadeira* (l. 33^a), que aparece en Filgueira e en Carré, mentres que Valladares tira por *primadera* ou, por último, *anguria* (l. 39^a), que recollen Carré e Filgueira, pero non o lexicógrafo de Vilancosta. A lexía *vento famento* non a rexistro en ningún dos dicionarios estudados –tampouco en recursos do talle do TILGA– pero si que a inclúe Lugrís nun repertorio de nomes de ventos e fenómenos meteorolóxicos (p. 118). Con todo, hai que sinalar que, cando algunha forma do noso vocabulario aparece no Valladares, o normal é que a definición que dá o lexicógrafo estradense coincida grandemente coa redactada por Porcel, non poucas veces literalmente; no caso dos outros dicionarios non detecto esta identidade tan forte, polo que moitas delas –se non todas– poderían ser interpretadas como meras coincidencias.

No que respecta ós nomes sinalados na cuarta lección, hai que indicar que todos eles (agás un, presumiblemente por erro de redacción e/ou impresión) aparecen no elenco que ofrece Lugrís na súa gramática (inda que sen respectar o réxime acentual). Tamén aparecen alí os modismos que Porcel inclúe despois da última lección do seu vocabulario, con algunhas grallas ortográficas.

Un bo número das voces incluídas no *Vocabulario gallego-español* parece denunciar unha fonte oral. É ben sabido que os nosos dicionarios incluíron non poucas palabras tiradas da fala popular, pero atopamos neste vocabulario numerosos casos en que a forma en cuestión non ten apoio nas obras lexicográficas, polo que cabe supoñer que son mostras de fala real. Xa se citaron *nispro* ou *prefeito*, con síncope vocálica e vocalizacións propias do rexistro oral. Tema á parte é o do seseo, dunha grande heteroxeneidade. No vocabulario rexístranse diferentes formas con seseo, como *caris* (l. 1^a), *xosgado* (l. 28^a) ou *cross* (l. 31^a), pero tamén hai probas de ausencia de seseo implosivo, por exemplo en *uz* (l. 11^a) ou en *luz* (l. 35^a). Non rexistro seseo explosivo, inda que si aparecen (*a*)*sucre* e *sucrillo* (l. 15^a e 22^a) ou *debrusarse* (l. 37) e mais un curioso “zona – fama” na l. 25^a que quizais se poida explicar por hipercorrección.

Poderíase tentar un ensaio de localización xeográfica a partir dos datos existentes nas enquisas do *Atlas Lingüístico Galego* e en investigacións de ámbito máis local para determinadas palabras. Con todo, hai dous problemas importantes: dunha banda, o feito de que poida tratarse de material extraído de dicionarios (e de diferentes lugares) desvirtúa a adscripción xeográfica; doutra banda, o considerable número de erros que presenta o noso vocabulario impide estarmos certos da verdadeira natureza da forma analizada (a modo de exemplo: *maceiro* é unha forma con distribución eminentemente oriental, pero non sería insospitado que se tratase dun erro gráfico por *maceira*; e tamén temos formas máis centrais e occidentais, como *frece*).

A modo de conclusión, é obrigado afirmar que non adiantamos moito sobre as fontes de Porcel i Riera para a elaboración deste vocabulario. Posiblemente a resposta estea en epistolarios ou no arquivo da editorial, pero non conseguimos nin o acceso a eses datos nin información sobre a súa existencia; queden anotadas aquí estas tarefas para investigacións posteriores. Das análises que anteceden podemos, con todo, poñer sobre a mesa algunhas suposicións. En primeiro lugar, a elaboración das voces galegas non debeu ser obra do propio Porcel ou de quen o sucedese na dirección do taller¹³, senón que este debeu solicitar axuda, ben á comunidade galega nas Baleares, ben a alguén das nosas terras, presumiblemente unha persoa relacionada coa comunidade escolar. Non parece que se pedise a resposta a un cuestionario concreto, xa que entón o máis lóxico sería que os contidos dos vocabularios vasco, galego e catalán fosen semellantes, senón que se darían unhas indicacións temáticas (p.ex. o título das leccións) e se pediría un número aproximado de respostas pertencentes a ese campo. Pode que o informante fose único ou houberse varios, pero os bailes no tema do seseo, as repeticións de vocabulario ou a existencia das variantes sinaladas en 2.2 fan máis plausible que as formas teñan diferentes orixes (distintos informantes ou un informante que recolle material de distintos sitios). Por último, parece demostrado que este informante botou man de materiais gramaticais e lexicográficos para completar a súa lista, cando menos do Valladares e de Lugo, polo que o máis probable é que estivese situado en territorio galego¹⁴.

3. EDICIÓN DO VOCABULARIO BILINGÜE¹⁵

3.1. Erros do vocabulario

O vocabulario que estudamos está inzado de erros ortográficos de moi diferente tipo, esencialmente na parte galega, pero tamén na parte castelá –p.ex. *cina* (por *cuna*), *gordo* (por *sordo*), *violento* (por *friolento*)– e incluso na ordenación en columnas do texto. Non é a única

13 Se é certo que o noso volume é a primeira edición (vide a nota 8), Miquel Porcel xa estaría morto cando menos seis meses antes da impresión do vocabulario.

14 Evidentemente, coas coordenadas citadas, saltan diferentes nomes, entre eles algúns pedagogos dedicados xa entón ó estudo do galego e á elaboración de obras gramaticais e lexicográficas: Antonio Couceiro Freijomil (profesor e inspector de ensino primario), Xosé Filgueira Valverde (membro fundador do Seminario de Estudos Galegos e catedrático do Instituto de Pontevedra), Vicente Risco (docente e logo director de Escola Normal), etc; pódense ver moitos nomes de reivindicadores e impulsores do galego nas escolas nos traballos de Antón Costa citados na bibliografía. Segundo me comunica Pedro Payeras, Porcel unicamente cita unha fonte, para as voces menorquinas, o mestre Antonio Juan, da escola pública de Mahón; os múltiples contactos con mestres de toda España –xa non só polo seu cargo académico ou as viaxes de formación e perfeccionamento pedagóxicos que fixera, senón tamén pola correspondencia comercial a conta dos seus libros de texto– proporciónalle unha rede de relacións ben ampla.

15 Diferentes razóns, fundamentalmente o espazo, impiden ofrecer aquí unha reprodución facsimilar do vocabulario, polo que coloquei na Internet estas imaxes, acompañando tamén outras páxinas que foron comentadas neste artigo e que figuran ó final do documento electrónico: <http://www.arcanaverba.org/artigos/porcel/dicporcel.pdf> (alta resolución, 29'2 Mb).

edición que presenta esta particularidade, xa que a citada edición do preparatorio tamén ten abundantes erros (non tantos, porén, coma un exemplar fragmentario da 6ª edición, 1940, conservado por Xesús Ferro Ruibal, que puidemos consultar e que, grallas á marxe, é idéntico ó de 1947). Se analizamos as voces coincidentes entre o vocabulario do grao preparatorio e o do medio, veremos que a edición de 1947 corrixe moitos erros da de 1934, p.ex. *apestadoiro* por *apertadoiro* (l. 2ª) ou *sobexa* por *sobexar* (l. 11ª). Pero atopamos tamén non poucos exemplos da situación inversa, en que o grao medio dá a forma correcta dunha determinada entrada e o preparatorio, posterior, erra; vexamos só dúas mostras: o preparatorio escribe *fortiza* e *ceno* (l. 22ª), mentres que o medio dá as voces correctas, *cortiza* e *feno*; na lección 31ª o preparatorio escribe *grego* e, pola contra, o do grao medio tiña a voz xusta, *crego*.

Polo que respecta ós erros detectados, os máis habituais son os de lectura dun texto manuscrito (ben as fichas enviadas polo informante –se houbo–, ben o texto composto por Porcel e enviado ó taller), logo veñen as grallas tipográficas (especialmente a omisión de letras) e os problemas de disposición na páxina. É difícil acoutar as responsabilidades co pouco que coñecemos do proceso editorial deste volume. Con todo, o máis factible é atribuír a parte de león dos erros ós tipógrafos, pois parece raro que Porcel cometese erros de lectura na parte castelá e tampouco semella moi plausible que lese de modo distinto para o vocabulario de grao preparatorio e para o de grao medio, inda que o volume do material e a ausencia ou insuficiencia da fase de revisión poderían xustificar estas incoherencias de autor; algúns erros si que son responsabilidade clara do compoñedor do texto para a imprenta, coma o *cidrián* da lección 4ª, que non é senón un *ciprián* co <p> invertido, pois as dúas letras eran idénticas na caixa do tipógrafo. Sexa responsabilidade dun ou outro elo da cadea, hai que sinalar que é un feito previsible, ó se tratar dun texto escrito case todo unha lingua allea ó autor e estraña para o obradoiro gráfico. Podemos establecer unha tipoloxía dos erros máis frecuentes, achegando un exemplo:

- Confusión de <e>/<a>: *lerche* por *lercha* (l. 6ª)
- Confusión de <o>/<a>: *bagullo* por *bagulla* ‘bágoa’ (l. 1ª)
- Confusión de <e>/<c>: *esculear* por *esculcar* (l. 19ª)
- Confusión de <n>/<u>: *aruela* por *arnela* (l. 1ª)
- Confusión de <i>/<l>: *molto* por *moito* (l. 8ª)
- Separación de palabras: *ourizo, cacho* por *ourizo cacho* (l. 18ª)
- Separación entre lema e definición: *xeito modo* – “traza” por *xeito* – “modo, traza” (l. 9ª)
- Supresión de letras: *bixar* por *baixar* (l. 6ª)

3.2. Criterios de edición

Como xa se sinalou, o vocabulario presenta moitos erros (máis de 170, no noso cómputo). A maioría deles son facilmente solucionables, mais non sempre é así, especialmente

se debemos estar abertos á posibilidade de que haxa un ou varios informantes orais, polo que determinadas alteracións gráficas (especialmente a confusión <e>/<a>) poderían ser fenómenos da oralidade e algúns erros seren problemas de interpretación de quen anotaba as audicións (p.ex. *curucha*, na l. 17ª, na vez do esperable *curuxa*). Así, o criterio que me guiou foi o da máxima prudencia: corrixo unicamente aquelas formas que sexa practicamente seguro sinalar como erro de impresión e/ou lectura e respecto os outros casos dubidosos, moi especialmente se teñen apoio na fala viva, inda que sexa moi minoritario. Obviamente, a enmenda do orixinal é unha decisión discutible, como en calquera proceso de edición crítica, pero considero que ten moita máis utilidade para o investigador do léxico un texto depurado, pois non sempre é fácil reconstruír a forma que se esconde detrás da palabra que se imprimiu. Non entro a corrixir –inda que si os comento, por suposto– erros conceptuais que posiblemente estivesen xa na fonte ou no orixinal que se levou a imprimir (p.ex. definir o *abicedo* como vento de levante), xa que a nosa intención non é ofrecer un dicionario perfecto, senón achegarnos ó vocabulario *ideal* que hai debaixo do que chegou ó prelo. En calquera caso, cando efectúo calquera intervención, sinálooo cun asterisco (*) e dou en notas a forma orixinal, acompañada, se é mester, das explicacións oportunas; cando unha entrada vaia ser obxecto de comentario nas notas, indicareino cunha cruz elevada (*). O emprego do acento gráfico é bastante caótico no texto impreso, e lamentablemente non hai suficiente material para tentar establecer unhas regras (coa excepción, posiblemente, dos proparoxítonos, que adoitan estar acentuados), polo que optei por respectar a acentuación orixinal do vocabulario de Porcel.

No que respecta á disposición do texto, os requisitos de espazo lévanme a eliminar a colocación orixinal en columnas; manteño a separación, pero indicándoa mediante signos (unha barra [/] para separar as entradas e dúas para separar as columnas; as formas en tipo de letra grande e as miúdas sepáranse cun salto de liña); calquera dúbida ó respecto pode solucionarse acudindo á primeira táboa do apartado 2.2. Marco en cursiva a voz galega, para permitir unha identificación visual máis rápida. Por último, cómpre sinalar que manteño sempre as maiúsculas do orixinal.

3.3. Texto

Lección 1ª: El cuerpo humano

Bode – Gordo* / *Caris* – Rostro, gesto / *Belo* – Hermoso, lindo / *Ouir, ouvir* – Oír / *Bágoa, bagulla** – Lágrima / *Colo* – Regazo / *Aruñar* – Arañar // *Nembro* – Miembro / *Dentamía* – Dentadura / *Crecho** – Pelo ensortijado / *Sen* – Sien / *Crequenas* – Cuclillas / *Entranas* – Entrañas / *San* – Sano //

Asubiar – Silbar / *Sinistra* – Izquierda / *Esbagullar* – Derramar lágrimas / *Arnela** – Raigón de muela / *Bon* – Buen / *Bo* – Bueno, sano / *Ascoitar** – Escuchar / *Beliscar* – Pellizcar / *Baijar** – Bajar, descender // *Aspeito** – Aspecto / *Esangue* – Desangrado / *Caste*** – Casta, linaje / *Seo* – Seno / *Ispido* – Desnudo / *Moa* – Muela / *Bufar* – Soplar / *Fungar* – Resoplar, refunfuñar / *Saloucar* – Sollozar.

Lección 2ª: El vestido

Veludo – Terciopelo / *Roupa* – Traje, vestido / *Sombreiro* – Sombrero / *Xaleque*⁺ – Chaleco / *Lenzo* – Tela / *Mácula* – Mancha / *Cinguideiro** – Ceñidor / *Aretes* – Pendientes // *Sá* – Saya / *Trenza* – Cordón / *Pilica* – Pelliza / *Febilla** – Hebilla / *Faldretas*⁺ – Faldas / *Costra**⁺ – Cinta / *Croa* – Corona / *Nidio* – Limpio //

Anelo – Sortija / *Pano* – Pañuelo / *Apertadoiro** – Cinto / *Xibón* – Jubón / *Zoco* – Zueco / *Destinxir* – Desteñir / *Descinguir* – Desceñir / *Pieitar* – Peinar / *Bragas* – Calzones anchos // *Chapeu** – Sombrero / *Pieite* – Peine / *Mantelo* – Delantal de paño / *Tea* – Tela / *Pucho* – Gorro / *Xoia* – Alhaja / *Feitura* – Hechura / *Trapallada**⁺ – Trapos viejos.

Lección 3: La casa

Xerra – Cántaro, jarra / *Prato* – Plato / *Baixela**⁺ – Vajilla / *Liña* – Línea recta / *Pingueira* – Gotera / *Fronte* – Fachada / *Gayola* – Jaula / *Sobrado* – Alto de la casa // *Sobrelume* – Dintel / *Palloza* – Cabaña de paja / *Fumegar* – Humear / *Tellado* – Techo, tejado / *Poeira**⁺ – Polvera / *Peilao* – Palanquín / *Belvis* – Bellavista / *Ferrollo* – Cerrojo //

Larada – Hoguera en la lar / *Parrumeira* – Chimenea / *Quinteiro* – Cercado / *Charamusca* – Chispa / *Alpendre* – Cobertizo / *Pitón* – Pestillo / *Chama* – Llama / *Xanela* – Ventana / *Celeiro* – Bodega / *Ban* – Habitación / *Curro* – Corral // *Cabana* – Choza / *Chave* – Llave / *Esqueiro* – Escalerilla / *Adro* – Patio / *Trepia* – Trébedes / *Lume* – Lumbre / *Corruncho* – Rincón / *Palleiro* – Pajar / *Lar* – Hogar / *Patin* – Escalera de piedra.

Lección 4: Personas. Adverbios

Xacobe – Jaime / *Bartolo, Bartolomeu* – Bartolomé / *Nelo, Nelos, Manecho* – Manuel / *Tono**, *Toniño**⁺ – Antonio / *Lixandre* – Alejandro / *Merexildo* – Hermenegildo // *Xaquin* – Joaquín / *Fiz* – Félix / *Goros, Gorecho* – Gregorio / *Sabela* – Isabel / *Tereixa* – Teresa / *Anxela, Xila* – Angela / *Martiña**⁺ – Martina / *Carme* – Carmela //

Paulos – Pablo / *Queitano* – Cayetano / *Ciprián** – Cipriano / *Anxel, Xilo* – Angel / *Catuxa, Catarina** – Catalina / *Unxia* – Eugenia / *D'abondo* – Bastante, abundante / *Somente* – Solamente / *De cotío* – De continuo / *Cedo* – Temprano, luego // *Asi logo* – En verdad que si / *Abofé* – En verdad / *Emporeso* – Sin embargo / *Sabedor* – Sabio / *Deño* – Enemigo, demonio / *Bercé*⁺ – Cuna* / *Feito* – Hecho / *Falar* – Hablar / *Prana* – Pliego de papel / *Lonxe** – Lejos / *Acarón* – Juntos, cerca.

Lección 5ª: Cualidades. Actos

Feble – Débil, flaco / *Groso* – Grueso, corpulento / *Dino* – Digno / *Baril*⁺ – Bueno, fuerte / *Quedo* – Tranquilo, quieto / *Friento* – Friolento* / *Enxoito* – Enjuto // *Recendo*⁺ – Oloroso / *Fusco* – Oscuro / *Lanzal** – Gentil, alto / *Pampo*⁺ – Asustado, atontado / *Oco* – Hueco, vacío / *Noxento* – Asqueroso / *Solto* – Suelto //

Bermello – Rojo / *Laberco* – Malicioso / *Madia* – Regular, mediano / *Baldeirar* – Vaciar, desocupar / *Manido*⁺ – Manoseado / *Salvo* – Salvado / *Miudo* – Pequeño, menudo / *Enxel*

– Delgado / *Engordião**+ – Despacito / *Doce* – Dulce / *Falangueiro* – Cariñoso // *Furado*
 – Agujereado / *Arriscado*+ – Resuelto, atrevido / *Recho* – Tieso / *Margurado* – Amargo /
Baldar – Tullir / *Nado* – Nacido / *Mellor, millor* – Mejor / *Cativo* – Malo, pequeño / *Estérío*
 – Estéril / *Doado* – Mañoso, proporcionado.

Lección 6ª: Personas

Ringra, ringla – Fila, hilera / *Herdeiro** – Heredero / *Hirmán*+ – Hermano / *Cocáinas*
 – Hombre tímido / *Bisabó* – Bisabuelo / *Lercha** – Persona sucia / *Beixo, bico* – Beso /
Afacerse – Acostumbrarse // *Irmá** – Hermana / *Doncela* – Doncella / *Cabaleiro* – Caballero
 / *Bisneto* – Biznieto / *Bonitura* – Hermosura / *Meiga* – Bruja / *Berrar* – Gritar, reñir / *Bébedo*
 – Borracho //

Baduar – Hablar sin ton ni son / *Choqueiro* – Persona ordinaria / *Facha* – Traza, aspecto /
Vinculeiro – Heredero forzoso / *Orfño* – Huérfano / *Rapaz* – Muchacho / *Aboa* –
 Abuela / *Dono* – Amo / *Padroeiro* – Patrón / *Andexo* – Mozo+ / *Vedraño* – Anciano // *Ladra*
 – Ladrona / *Alcuña* – Alcurnia / *Galdrumeiro** – Desaseado / *Beixar**+ – Besar / *Barullar**
 – Ruido de charla / *Churrusqueira* – Linda, graciosa / *Curmán** – Primo / *Neto* – Nieto /
Babeco – Tonto / *Abó* – Abuelo / *Neniño* – Infante, niño de teta.

Lección 7ª: Oficios y trabajos

Reise+ – Cantar* / *Tecedeiro* – Tejedor / *Frade* – Fraile / *Porteiro* – Portero / *Facedor*
 – Autor / *Tecelán* – Tejedor / *Mestra* – Maestra / *Lacazán* – Haragán // *Artilleiro* – Artillero /
Guerreiro – Guerrero / *Taberneiro* – Tabernero / *Valuro* – Usurero / *Quinteiro* – Arrendador /
Hortelán – Hortelano / *Tacedeira* – Castebre+ / *Tarefa** – Tarea //

Labrego – Labrador / *Atareiar* – Atarear / *Sair* – Salir / *Alume** – Alumbre / *Embrullar*
 – Envolver, cubrir / *Empregar* – Suplicar+ // *Rachar* – Rasgar / *Chafallar* – Hacer algo mal /
*Larchán** – Perezoso / *Tinxir* – Teñir / *Petar** – Llamar a golpes.

Lección 8ª: Adverbios y pronombres

Uns – Unos / *Moitos** – Muchos / *Ti* – Tu / *Ela* – Ella / *Elo* – Ello / *Lles* – Los / *Eu* – Yo /
Meu – Mío // *Teu* – Tuyo / *Seu* – Suyo / *Noso* – Nuestro / *Voso* – Vuestro / *Outro, outra* – Otro,
 a / *Poucos* – Pocos / *Cualquer*+ – Cualquiera / *Vosoutros* – Vosotros //

Eles – Ellos / *Elas* – Ellas / *Min* – Mi / *Nosoutros* – Nosotros / *Miña* – Mía / *Sua* – Suya
 / *Tua* – Tuya / *Nosa* – Nuestra / *Vosa* – Vuestra / *Preto* – Cerca, próximo / *Pois* – Pues // *Intre*
 – Interín, entre tanto / *Logo* – Luego / *Só* – Solo, sola / *Adoito* – Como de costumbre / *Ainda*+
 – Aún, todavía / *Mais* – Pero, mas / *Cabe* – Cerca de, junto a / *Mália** – Malhaya / *Hisca, chó*
 – Espantar gallinas+ / *Hoxe* – Hoy / *Inda que**+ – aunque.

Lección 9ª: La tierra

Herdade – Heredad / *Agra, agro* – Finca labrada grande / *Penedo* – Picacho / *Abicedo*
 – Terreno que mira a levante+ / *Valado* – Vallado // *Cón* – Peñasco / *Achego* – Arrimo / *Solio**+

– Solana. Parte a donde da el sol / *Cotárelo*⁺ – Cima, picacho / *Facenda* – Hacienda / *Curuto* – Cumbre / *Altor* – Altura //

*Espelunca** – Cueva / *Insua* – Isla / *Arredor* – Alrededor / *Outeiro** – Loma, otero / *Debesa* – Dehesa / *Engrobria* – Cañada // *Fraga* – Matorral / *Senra** – Finca / *Gándara** – Tierra inculta / *Choer* – Cerrar una finca / *Boedo* – Terreno pantanoso / *Algures* – Algún sitio.

Lección 10^a: El agua

Pinga – Gota / *Lagoa* – Laguna / *Orela* – Orilla / *Arriada* – Inundación / *Cano* – Caño, canal / *Auga* – Agua / *Canle* – Canal / *Cadoiro* – Cascada // *Quella* – Acequia, canal* / *Tona* – Superficie líquida / *Vao* – Vado / *Fonte* – Fuente / *Regueiro* – Arroyo / *Ribeira* – Orilla del río / *Boligar* – Bullir el agua / *Corgo* – Estanque, pozo //

Cachón – Espuma, hervor / *Xiar* – Helar / *Esvair* – Evaporarse / *Agurgullar* – Salir a borbotones / *Atuar** – Atascarse un caño / *Desatuar** – Desatascar / *Laga* – Remanso / *Xelo* – Hielo / *Pingar* – Gotear // *Banda* – Margen de río, orilla / *Rego* – Caudal, cauce / *Surdir*⁺ – Brotar, surgir / *Mollar* – Mojar / *Amolecer* – Reblandecer con agua / *Coar* – Colar.

Lección 11^a: Plantas; acciones

Roseira – Rosal / *Fiuncho* – Hinojo / *Silva* – Zarza / *Tallar* – Cortar / *Liño* – Lino / *Vimbio** – Mimbre / *Xeva* – Selva / *Piorno* – Retama // *Cabaza* – Calabaza / *Suxeitar* – Sujetar / *Rexurdir*⁺ – Resurgir / *Uz* – Brezo / *Herba* – Hierba / *Faba* – Haba / *Chicharro* – Guisante / *Prixeil* – Peregil //

Peliscar – Pellizcar / *Desalugar* – Desalojar / *Resoar* – Resonar / *Tirar* – Quitar / *Voltar* – Rodear, dar la vuelta / *Rebuldar** – Enredar / *Quentar* – Calentar / *Semellar* – Asemejar // *Comensar* – Comenzar / *Sobexar** – Sobrar / *Engruñarse* – Encogerse / *Edra* – Yedra / *Pirifol* – Perifollo / *Abondo* – Abundancia⁺ / *Ter* – Tener / *Xacer* – Yacer / *Tornar** – Separar.

Lección 12^a: Árboles y cualidades

Laureiro⁺ – Laurel / *Alciprés* – Ciprés / *Pinal* – Pinar / *Salgueiro* – Sauce / *Ameneiro* – Abedul / *Arbre* – Arbol / *Oliveira* – Olivo / *Figueira* – Higuera // *Carballo* – Roble / *Teixido* – Bosque de tejos / *Mato* – Matorral / *Aveleiro*⁺ – Avellano / *Piñeiro* – Pino / *Salgueiral** – Saucedal / *Arboredo* – Arboleda / *Laranxeiro* – Naranja //

Figo – Higo / *Castiñeiro* – Castaño / *Buxo* – Boj / *Sobreira* – Alcornoque / *Aneiro* – Arbol que fructifica a los dos años // *Toxo* – Tojo* / *Maceiro*⁺ – Manzano / *Cerdeiro*⁺ – Cerezo / *Nogueira* – Nogal / *Sabugueiro* – Saúco*⁺ / *Bidueiro** – Abedul / *Teixido* – Bosque de tejos.

Lección 13^a: Frutas – cualidades

Cabazo – Calabaza / *Froito* – Fruto / *Mazá**⁺, *mazán**⁺ – Manzana / *Péxego* – Albérchigo / *Feixós**⁺, *frixoles* – Frijoles / *Barburiña* – Pera / *Xireixas**⁺ – Cerezas / *Nox*⁺ – Nuez // *Cirola*

– Ciruela / *Croque* – Albaricoque / *Amora* – Mora de zarza / *Seara* – Miés verde / *Outonecer**
 – No madurar las frutas / *Caravel** – Clavel / *Landra* – Bellota //
Nispro – Níspero / *Almendriña* – Almendra* / *Cacho* – Racimo de uva / *Cheirume*
 – Aroma / *Frece*⁺ – Fresa / *Cebola* – Cebolla / *Ameixa* – Almeza // *Piño*⁺ – Piñón / *Celme*
 – Zumo / *Berenxena* – Berenjena / *Pimento* – Pimiento / *Allo* – Ajo / *Frolido* – Florido.

Lección 14^a: El campo

Seitura – Siega / *Leira* – Heredad / *Eira* – Era / *Anada* – Cosecha / *Tulla* – Arca para grano / *Humidanza**⁺ – Humedad / *Estrume* – Esquilmo / *Espallar* – Esparcir // *Secura* – Sequía / *Feixe* – Haz / *Lentura* – Sazón en la tierra / *Besta* – Bestia / *Sega* – Siega / *Dianteira* – Delantera / *Solio* – Terreno donde da el sol //

Enxertar – Ingertar / *Fender* – Hender / *Triar, trinar*⁺ – Cantar los pájaros / *Desenfeixar**
 – Deshacer un haz / *Asgazar* – Desgajar / *Inxerir* – Ingerir / *Dependurar* – Colgar, suspender / *Ferrar* – Herrar / *Levedo* – Fermentado / *Acadar* – Alcanzar // *Entalecer* – Volverse dura una cosa / *Esparexar*⁺ – Extender, sembrar / *Adoar* – Alisar / *Recuncar* – Hacer dos veces una cosa / *Semear* – Sembrar / *Debullar* – Desgranar / *Sachar* – Cavar / *Depenar* – Desplumar.

Lección 15^a: Comestibles

Albeiro – Pan blanco / *Tortela*⁺ – Tortilla / *Centeo* – Centeno / *Prebe* – Salsa, caldo / *Mantenza* – Alimento / *Xantar* – Comida / *Sucrillo*⁺ – Caramelo / *Manteiga**⁺ – Mantequilla // *Merenda* – Merienda / *Codelo* – Mendrugo / *Sucré* – Azúcar / *Códia** – Corteza del pan / *Millo* – Mijo / *Herbella* – Lenteja / *Zea* – Maíz / *Frangulla* – Miga del pan //

Afreita – Avena / *Estoupar* – Reventar / *Mundo* – Molido / *Luir* – Rozar / *Magoar* – Lastimar, dañar / *Peneirar* – Tamizar harina / *Frangullar* – Hacer migas / *Condumio*⁺ – Manjar con pan // *Regueifa** – Pan de harina y huevo / *Almorzo* – Almuerzo / *Dispor* – Disponer / *Fritir* – Freír / *Fincar* – Quedar, empujar / *Rencher*⁺ – Chirriar, rechinar / *Misturar** – Mezclar*.

Lección 16^a: Animales

Touro – Toro / *Poldro* – Potro / *Rato* – Ratón / *Porco* – Cerdo / *Donicela* – Comadreja / *Coenllo* – Conejo / *Besta* – Bestia / *Año* – Corderito // *Morcego* – Murciélago / *Tenreira* – Ternera / *Cadelo* – Cachorro / *Ourizo* – Erizo / *Cadela* – Perra / *Alimaria* – Alimaña / *Boi* – Buey / *Urso* – Oso //

Cuchiño⁺ – Cochino / *Anima*⁺ – Animal / *Can* – Perro / *Rato* – Ratón / *Ovella* – Oveja // *Cucho* – Cerdo / *Bácoro* – Lechoncito / *Gado* – Ganado vacuno / *Toupa* – Topo / *Quino** – Cerdo.

Lección 17^a: Aves

Moucho – Mochuelo / *Anduriña* – Golondrina / *Tartareña*⁺ – Ave de rapiña / *Xílgaro* – Jilguero / *Merlo* – Mirlo / *Pardal* – Gorrión / *Reiseñor* – Ruiseñor / *Butre* – Buitre // *Laberca*

– Alondra / *Choca* – Clueca / *Pita* – Gallina nueva / *Choia* – Corneja / *Pomba* – Paloma / *Gaivota* – Gaviota / *Curucha*⁺ – Lechuza / *Calandre* – Calandria //

Galo – Gallo / *Zura* – Paloma mansa / *Pola* – Gallina joven / *Rula* – Tórtola / *Reise*^{**} – Canto / *Engayolar* – Enjaular / *Páxaro* – Pájaro // *Ruliño* – Tortolito, juboncito / *Melro*^{*} – Mirlo / *Galiña* – Gallina / *Choca* – Clueca / *Chiar* – Piar / *Carrizo* – Pájaro pequeño.

Lección 18^a: Reptiles y peces

Rá, ran – Rana / *Serpe* – Serpiente / *Lamachega*^{*} – Babosa / *Ourizo cacho*^{*} – Erizo / *Liscance*⁺ – Aspid / *Peixe* – Pez / *Serpente* – Serpiente / *Sandijuela*⁺ – Sanguijuela // *Cobra* – Culebra / *Sapo concho* – Tortuga / *Polvo* – Pulpo / *Lura* – Calamar / *Lucinai*⁺ – Luciérnaga / *Anguia*^{*} – Anguila / *Cempés* – Cienpiés / *Lesniza*⁺ – Babosa //

Gorgullo – Gorgojo / *Xivia* – Sepia / *Ameixa* – Almeja / *Lagartixa* – Lagartija / *Pintega* – Salamandra / *Troita* – Trucha / *Voar* – Volar / *Munxir* – Ordeñar // *Pateiro* – Centolla^{*}, araña^{**} de mar / *Chaira* – Lisa / *Sardiña* – Sardina / *Ourizo de mar* – Erizo de mar / *Balea* – Ballena / *Oubear* – Aullar / *Ornear* – Rebuznar / *Buguina* – Caracol marino.

Lección 19^a: Acciones

Compór – Componer / *Beixar* – Besar / *Cangar* – Cargar / *Crebar* – Romper, quebrar / *Fremar* – Irritarse / *Recuar* – Retroceder / *Pregar* – Suplicar / *Chocar* – Empollar huevos // *Trabucar* – Equivocar / *Termar* – Apartar⁺ / *Ventar* – Sospechar / *Ceivar* – Soltar, desatar / *Ferver* – Hervir / *Tronzar* – Romper, tronchar / *Recoller* – Recoger / *Atallar* – Atajar //

Esfollar – Deshojar / *Furar* – Agujerear / *Amostrar* – Enseñar / *Arrecender* – Dar buen olor / *Desacubillar* – Descubrir / *Esfachicar* – Tirar fuerte de / *Comprir* – Convenir / *Arrechegar*^{*} – Acercarse / *Turrar* – Tirar hacia sí / *Ateigar* – Llenar de / *Asoballar* – Desprezciar // *Escachar* – Hacer pedazos / *Escaldar* – Escarmentar / *Asenllar* – Procurar / *Aseñar*^{*} – Marcar una cosa / *Trasnoitar*^{*} – Trasnochar / *Desbotar* – Desechar / *Decatarse* – Darse cuenta / *Esculcar*^{*} – Averiguar / *Atafegar* – Tapar, ahogar / *Detér*⁺ – Detener / *Apouvirar* – Azotar.

Lección 20^a: Insectos y plantas

Avelaiña – Mariposa / *Grilo* – Grillo / *Lombriga* – Lombriz / *Abella* – Abeja / *Volvoreta* – Mariposa / *Enxame*^{*} – Enjambre / *Miñoca* – Lombriz de tierra / *Hedra* – Yedra // *Escaraballo*⁺ – Escarabajo / *Saltón* – Langosta / *Verme* – Gusano / *Víspera* – Avispa / *Cascuda*^{*} – Cucaracha / *Lesma* – Babosa / *Formiga*^{**} – Hormiga / *Xeva* – Selva //

Millo – Mijo / *Alcouve*^{*} – Plantel / *Silveira* – Zarzal / *Chorimas*^{*} – Flores del tojo / *Cana* – Caña / *Grelo* – Retoño / *Uzal* – Terreno con brezos // *Carballeira* – Robledal / *Silva* – Zarza / *Bacelo* – Vid / *Gándara* – Llano, resuelto⁺ / *Leituga* – Lechuga / *Fieitos* – Helechos / *Vidra* – Sarmiento / *Caravel* – Clavel.

Lección 21^a: Cosas de animales

Pelra, pérola⁺ – Perla / *Queixada* – Quijada / *Queixo* – Queso / *Cortello* – Pocilga / *Manchea* – Manada / *Fera* – Fiera / *Fuciño*^{**} – Hocico / *Tosqueo*^{*} – Esquileo // *Fato* – Hato /

Pernil – Anca de cerdo / *Chío* – Pío de las aves / *Avenza* – Ganado lanar / *Cerrizo* – Espinazo / *Mel* – Miel / *Manteiga* – Manteca / *Esfolar* – Desollar //

Cachola – Cabeza de puerco curada / *Fel* – Hiel / *Enfuciñar* – Hozar / *Pouta* – Garra / *Poleiro* – Gallinero / *Niño* – Nido / *Pescozo* – Pescuezo // *Zanca* – Pierna larga / *Coiro* – Cuero / *Peteiro* – Pico de ave / *Pombar* – Palomar / *Serea* – Sirena / *Nacre* – Nácar / *Sangue* – Sangre / *Soro* – Suero.

Lección 22^a: Cosas de vegetales

Frol, fror – Flor / *Pola* – Rama / *Palla* – Paja / *Faisca* – Ceniza ligera / *Semente** – Semilla / *Feno* – Heno / *Seara** – Miés verde / *Pampillal* – Viñedo+ // *Milleira* – Campo de mijo / *Folla* – Hoja / *Cortiza* – Corteza / *Puga* – Pua / *Feluxe* – Hollín / *Asucré* – Azúcar / *Xema** – Yema / *Piñeiral* – Pinar //

Cañote – Troncho / *Fermento* – Levadura / *Monllo* – Manojos de paja / *Cinza* – Ceniza / *Fraga* – Dehesa, matorral / *Grao* – Semilla / *Arboredo** – Arboleda / *Carambulla* – Hueso de fruta / *Guindal** – Plantío de guindos / *Gran* – Grano // *Colleita** – Cosecha / *Bago* – Grano de uva / *Baltar* – Cepa+ / *Broa* – Pan de maíz / *Miolo* – Meollo, médula / *Cortiza* – Corcho / *Carballedo* – Robledal / *Bolerca** – Cáscara de castaña / *Freba* – Fibra, brizna, hebra / *Zume* – Zumo / *Serodia** – Fruta tardía.

Lección 23^a: Cosas minerales y metálicas

Ar – Aire / *Poeiro+* – Polvoreda / *Liviano* – Liger / *Lousa* – Losa / *Salmoira** – Salmuera / *Gradicela** – Regilla / *Xabre* – Arena / *Ouro* – Oro // *Seixo* – Cuarzo / *Area* – Arena / *Lama* – Lodo / *Aramio** – Alambre / *Promo* – Plomo / *Areosa** – Arenal / *Xofre* – Azufre / *Louro* – Dorado //

Croio – Pederal / *Mármore* – Mármol / *Salgar** – Salar / *Axofrar* – Azufrar / *Irto* – Frágil, rompedizo / *Gramalleira* – Cremallera+ / *Callado* – Cuajado / *Brancor* – Blancura / *Pena* – Roca, peñasco // *Ferro* – Hierro / *Po* – Polvo / *Pedra* – Piedra / *Azougar* – Azogar / *Franxente* – Quebradizo / *Tenro* – Tierno / *Dourar* – Dorar / *Anexo* – Corrompido, anejo / *Cheirar* – Oler a.

Lección 24^a: Juegos y diversiones

Conto – Cuento / *Proveito* – Provecho / *Ouxeto* – Objeto / *Lide* – Lucha, pelea / *Dozor* – Dulzura / *Cántiga* – Copla / *Cóxegas* – Cosquillas / *Xeito** – Modo, traza* // *Lecer* – Gana de trabajar / *Trécola** – Tecla / *Bouga** – Rumor / *Foguete* – Cohete / *Atruxo* – Grito de alegría / *Lumarada** – Hoguera / *Xogo* – Juego / *Agarimo** – Caricia //

*Ruada** – Parranda, jolgorio / *Mélido* – Melífluo / *Tanguer* – Tocar música / *Muiñeira* – Molinera (baile) / *Fadas* – Vírgenes drúidicas / *Fado** – Hado*, canción / *Noraboa* – Enhorabuena / *Foliada** – Fiesta en el campo / *Zanfona* – Piano de manubrio / *Axóuxere* – Cascabel / *Proveito* – Provecho // *Fartura* – Hartura / *Feitizo** – Hechizo / *Baralla* – Baraja

/ *Artimaña* – Trampa / *De moca** – De gorra / *Gamborni* – Gandaya / *Pandeiro* – Pandero / *Xolda* – Jira, diversión / *Folganza* – Ocio / *Rir* – Reir / *Verba* – Charla.

Lección 25^a: Varios

Pau, pao – Palo / *Risoño* – Alegre, risueño / *Gurgullón* – Borbotón / *Louro* – Rubio / *Pértega* – Vara / *Castro* – Castillo / *Baiña** – Vaina / *Espeto* – Palo aguzado // *Fazaña* – Hazaña / *Perdigós* – Perdigones / *Carregal* – Cargadero⁺ / *Cuitelo* – Cuchillo / *Rateira* – Ratonera / *Espora** – Espuela / *Balbor* – Frigor / *Sona*** – Fama //

Fertuna⁺ – Fortuna / *Combater* – Combatir / *Rabear* – Rabiarse / *Escintilar⁺* – Brillo, reflejo / *Cheo* – Lleno / *Larpear* – Comer con gula / *Baraúnda* – Confusión, ruido // *Render** – Rendir / *Tanxer* – Tañer instrumento / *Aventurar* – Gastar* / *O sal* – La sal / *Loitar** – Luchar / *Avantar* – Avanzar.

Lección 26^a: Cosas del campo

Fol – Saco, odre / *Lampo* – Hoz / *Gavia* – Zanja para plantar árboles / *Bisarma* – Hoz de dos filos / *Tixola* – Sartén / *Billa* – Grifo // *Ferramenta* – Herramienta / *Cadea* – Cadena / *Gavela* – Haz, gavilla / *Goxo* – Cesto / *Gadaña* – Guadaña / *Meda* – Almiar de trigo / *Carabilla** – Clavija / *Presa* – Zanja //

Rella – Reja de arado / *Ichó** – Trampa para cazar perdices / *Foncho* – Hueco, hinchado* / *Carozo* – Corazón de la mazorca / *Labarada* – Llama / *Coller* – Coger* / *Cerna* – Lo maduro de un tronco / *Bagullo* – Bagazo // *Arrequecer* – Producir más fruto que el deseado / *Liña* – Brizna, línea / *Bugallo* – Agalla / *Cortiza* – Corcho / *Barda* – Trigo ya maduro / *Palleiro* – Pajar / *Fouciño* – Dalla, hoz / *Estoupar* – Reventar* / *Bandear* – Columpiarse.

Lección 27: Cosas de oficios

Sequeiro – Secadero / *Témpera* – Temple / *Peza* – Pieza / *Rudicio* – Turbina del molino / *Urdime* – Urdimbre / *Barquin** – Fuelle / *Muiño* – Molino / *Roca* – Rueda // *Badal* – Badajo / *Madeixa* – Madeja / *Tesouras* – Tenazas / *Sola* – Suela / *Cachas* – Piezas del mango de cuchillo / *Argadelo* – Devanadera //

Taravelo – Clavija de madera / *Tixeira* – Tijeras / *Machado* – Hacha grande / *Tear* – Telar / *Fuso* – Huso / *Dévida⁺* – Deuda / *Pregar* – Rogar / *Agarimar* – Acariciar / *Adoar* – Alisar / *Martelo** – Martillo / *Eixo, eixe* – Eje // *Tranqueiro* – Tranca de puerta / *Novelo* – Ovillo / *Táboa* – Tabla / *Veo* – Manubrio / *Burato* – Agujero / *Añar* – Afilar / *Cobizar* – Desear / *Saudar* – Saludar / *A eito* – Sin respeto, todo seguido / *Aheito* – A destajo.

Lección 28^a: Cosas.-Gobierno

Home – Hombre / *Xosgado⁺* – Juzgado / *Mosteiro* – Monasterio / *Selo* – Sello / *Orde* – Orden / *Compañá* – Compañía / *Dereito* – Derecho / *Galiza* – Galicia // *Galego* – Gallego / *Costume* – Costumbre / *Fito* – Hito, mojón / *Castelo* – Castillo / *Castelán* – Castellano / *Mouro* – Moro / *Extranxeiro* – Extranjero / *Pobo* – El pueblo //

Concello – Ayuntamiento / *Garelo** - Mozo de Betanzos / *Vigairo* – Autoridad del pueblo / *Irmita⁺* – Ermita / *Enseña* – Divisa, Insignia / *Embaixada* – Embajada / *Prisoneiro* – Prisionero / *Mámoas*⁺* – Funerales, entierro / *Fachenda* – Presunción, vanidad / *Provenzá⁺* – Provenzal // *Rexidor* – Concejal / *Vila* – Villa, pueblo / *Nobre* – Noble / *Trabuco* – Contribución, impuesto / *Comenzo* – Principio / *Degredo* – Decreto / *Fidalgo* – Hidalgo / *Repenique** – Repique / *Castros* – Montes fortificados / *Trúpia* – Trampa / *Mesmo* – Igual, mismo.

Lección 29^a: La Ciudad.-La Nación

Rúa – Calle / *Pousada* – Posada / *Revolta* – Alboroto / *Ladroeira* – Ladronera / *Léria* – Habladuría / *Alleo* – Ajeno / *Taboeiro* – Tablero / *Brando* – Blando / *Tufo** – Olor molesto // *Cidade* – Ciudad / *Casal* – Caserío / *Cimiteiro⁺* – Cementerio / *Liorta** – Algarabía, confusión / *Podremia* – Podredumbre / *Certame* – Certamen / *Secolas⁺* – Palabras engañosas //

Lenguateiro – Chismoso / *Labado** – Desvergonzado / *Gresca* – Riña / *Podente* – Rico / *Cárcere* – Cárcel / *Troula* – Mentira, engaño / *Abondar* – Bastar / *Acorar* – Afligir // *Creto* – Crédito / *Amarelo* – Amarillo / *Xornal* – Jornal / *Praza* – Plaza / *Lixo* – Inmundicia / *Cabaleiro* – Caballero / *Parolar* – Hablar / *Acougar* – Aquietar.

Lección 30^a: Acciones

Erguer – Levantar / *Ousar* – Osar, atreverse / *Atinguir* – Tocar, comprender / *Vir⁺* – Ver / *Zoupar* – Zurrar / *Verdade* – Verdad / *Arredar** – Desviar, arredrar / *Chisme* – Murmuración, cizaña // *Eisito* – Exito / *Meiguería* – Brujería / *Aterrecer* – Espantar, atemorizar / *Sair* – Salir / *Esmagar* – Aplastar / *Veazar** – Acostumbrar / *Estocar* – Jurar, mal decir / *Amañar* – Arreglar, preparar //

Ameigar – Embrujar, seducir / *Tremar* – Tremar, temblar / *Zorregar* – Pegar / *Feder* – Heder, oler mal / *Apodremar⁺* – Pudrir / *Ollar* – Mirar, ojear / *Facer* – Hacer / *Tripar⁺* – Tregar, subir / *Pescudar* – Preguntar / *Deitar* – Acercar, acostar // *Levar* – Llevar / *Trafegar* – Negociar / *Muchar* – Deslucir / *Murchar* – Mustiar / *Fechar* – Cerrar con llave / *Rebolir* – Rebullir / *Queimar* – Quemar / *Nomear* – Nombrar / *Outear* – Acechar, espiar / *Fuxir* – Huir.

Lección 31: Cosas de la Iglesia

Pelegrí⁺ – Peregrino / *Fachenda* – Vanidad, presunción / *Cobizar* – Desear, envidiar / *Podredume* – Podredumbre / *Agarimar* – Amparar*, acariciar // *Home* – Hombre / *Pregar* – Rogar / *Amilladoiro* – Montón de piedras en lugar santo / *Eito* – Todo seguido / *Selo* – Sello //

Xosgado – Juzgado / *Milagre* – Milagro / *Crego* – Clérigo / *Virxe* – La Virgen / *Órgao* – Órgano / *Sino** – Campana / *Cros⁺* – Cruz / *Ceo* – Cielo / *Candea* – Candela / *Bispo* – Obispo / *Pia* – Pila / *Tumbo* – Sepulcro / *Boeta* – Cepillo para limosnas // *Orde* – Orden / *Compañá* – Compañía / *Groria* – Gloria / *Frade* – Fraile / *Deus* – Dios / *Eigresia⁺* – Iglesia / *Capela*

– Capilla / *Sagro* – Sagrado / *Xacigo* – Sepultura / *Romaxe* – Romería / *Doas* – Cuentas del rosario / *Anxel* – Angel / *Apóstolo* – Apóstol / *Inedia* – Ayuno.

Lección 32^a: El espíritu

Xénio – Valor / *Recordanza* – Recuerdo / *Envexa* – Envidia / *Cencia* – Ciencia / *Mintireiro* – Embustero / *Semellanza* – Semejanza / *Enfeitizar* – Hechizar / *Compracencia* – Complacencia // *Sobreteima** – Testarudez / *Relembrar* – Recordar / *Conversa* – Conversación / *Acordanza* – Memoria / *Saudade* – Pena, añoranza / *Endoudecere** – Perder el juicio / *Caroca** – Lisonja / *Estadea* – Alma en pena //

*Mansedume** – Mansedumbre / *Preceito* – Precepto / *Pantasma* – Fantasma / *Comenencia* – Conveniencia / *Loanza* – Alabanza / *Enemistade* – Enemistad / *Maxin* – Imaginación / *Carraxe* – Coraje / *Caridoso* – Caritativo / *Traidoría** – Traición // *Xuicio* – Juicio / *Solermia*⁺ – Zalamería / *Ensono* – Ensueño / *Consello* – Consejo / *Seguranza* – Seguridad / *Remorso* – Remordimiento / *Vergonza* – Vergüenza / *Sabencia** – Sabiduría / *Escismar* – Pensar / *Libertade* – Libertad.

Lección 33^a: El tiempo

Outubro – Octubre / *Agora* – Ahora / *Espellar*⁺ – Resplandor / *Agoirar* – Pronosticar / *Outono* – Otoño / *Xullo* – Julio / *Febreiro* – Febrero / *Trebon* – Nube negra, turbión // *Xuño* – Junio / *Cintilar* – Centellear un astro / *Estrelecer* – Comenzar a brillar las estrellas / *Negrora* – Negrura / *Setembre* – Septiembre / *Xaneiro* – Enero / *Primadeira*⁺ – Primavera //

*Soao**⁺ – Viento poniente / *Roibéns** – Nubes rojas, arrebol / *Corisco* – Chubasco de nieve y granizo / *Lumiar* – Luminar, luz potente / *Orvallo** – Lluvia fina / *Chuviscar* – Lloviznar / *Trono* – Trueno / *Serán* – Tarde / *Neboa* – Niebla / *Craror*⁺ – Claridad / *Neve* – Nieve / *Miñan* – Mañana / *Vran* – Verano // *Piniscar** – Lloviznar / *Inverno* – Invierno / *Témpora* – Viento huracanado / *Destempero* – Intemperie / *Remoiño* – Remolino / *Ourizonte* – Horizonte / *Chuvia* – Lluvia / *Raiola* – Rayo de luz / *Oxe* – Hoy*⁺ / *Ano* – Año / *Arco de vella**⁺ – Arcoiris / *Lóstrego* – Relámpago / *Trebas* – Tinieblas / *Noite* – Noche / *Saravia* – Granizo.

Lección 34: El universo

Lus⁺ – Lunes / *A cor* – El color / *Luceiro* – Estrella / *Lunazón*⁺ – Lunación / *Cris* – Eclipse / *Vento famento*⁺ – Levante / *Lua* – Luna / *O lume* – La luz // *Xoves*, 5^a *feira* – Jueves / *Bris* – Brisa / *Mércoles*, 4^a *feira* – Miércoles / *Vernes*, 6^a *feira* – Viernes / *Sécolo* – Siglo //

*Trobón** – Turbión / *Chuvia* – Lluvia / *Corisco* – Chubasco / *Primadeira* – Primavera / *Orvallo*⁺ – Lluvia fina / *Bretoma** – Niebla / *Lumiar* – Iluminar / *Ecrisar** – Eclipsar / *Preiade** – Pléyade // *Soán* – Viento poniente / *Agora* – Ahora / *Febreiro* – Febrero / *Xaneiro* – Enero / *Xullo* – Julio / *Fusco e lusco* – Al anochecer / *Ourizonte* – Horizonte / *Centilación* – Centelleo / *Rayola*⁺ – Rayo de sol.

Lección 35^a: Tiempo.-Acciones

Craridá, craror – Claridad / *Refrexo* – Destello, reflejo / *Sul* – Sur / *Cedo* – Temprano / *Amañecer* – Amanecer / *Minguante* – Cuarto menguante / *Estreleira*⁺ – Constelación / *Albor* – El alba // *Abrente do día* – Amanecer / *Leste* – Este, levante / *A luz*⁺ – La luz / *Lua chea* – Luna llena / *Lua nova* – Luna nueva / *Crecente de lua* – Cuarto creciente / *Veira* – Lado / *Anoitecer* – Anochecer //

Camiño de Santiago – Vialáctea / *Alumar* – Iluminar / *Alonxar* – Alejar / *Acordar* – Hacer memoria / *Ciscar*^{*} – Soltar, dejar caer / *Agachar* – Ocultar / *Abanear*^{*} – Sacudir // *Aliñar* – Alinear / *Feitizar*^{*} – Hechizar / *Enrolar* – Arrollar / *Algarear* – Vocear / *Acadar*^{*} – Alcanzar / *Recear* – Recelar^{*} / *Achegar* – Acercar.

Lección 36^a: Varios

O ponte⁺ – El puente / *Ceifa, rol* – Lista / *Devalar* – Decrecer el mar / *Afundir* – Hundir, sumergirse / *Travesio* – Viento oeste / *Vento serán* – Brisa serral / *Diñeiro* – Dinero / *Anaco* – Pedazo // *Adival*^{*} – Soga para carros / *Arneiro* – Costra de las rocas marinas / *Emparellar* – Aparejar / *Brétema*^{*} – Niebla / *Vento mareiro* – Brisa / *Bagullo* – Grano de uva //

Moeda – Moneda / *Falago* – Halago / *Cruña* – Coruña / *Fisterre* – Finisterre / *Marrocos* – Marruecos / *Fumegar* – Humear / *Vergallán*^{*} – Perezoso / *Herdeiro* – Heredero / *Zaramalleiro* – Enredador / *Malhadado* – Desdichado // *Cacho* – Pedazo pequeño / *Mor* – Amor / *Semente*^{*} – Semilla / *Alcume* – Título, nombre / *Acender* – Encender / *Señeiro* – Solitario, particular^{*} / *Herdar* – Heredar / *Punxente* – Agudo, punzante / *Asaloso* – Alegre, hermoso.

Lección 37^a: Acciones

Cair – Caer / *Chamar* – Llamar / *Avalar* – Mover / *Laido* – Lamento / *Deitar*^{*} – Acostar / *Couce* – Coz / *Rabuñar* – Arañar / *Chorar* – Llorar // *Chegar* – Llegar / *Cear* – Cenar / *Aperta*^{*} – Abrazo / *Calar* – Callar / *Griño*⁺ – Grito / *Suflar* – Soplar / *Soño* – Ensueño / *Esvarar* – Resbalar //

Abafar – Dar vaho / *Laiarse* – Quejarse / *Ciscar* – Soltar / *Esperguizarse* – Desesperarse / *Debrusarse*⁺ – Ponerse de bruces / *Enrolar* – Arrollar / *Agachar* – Ocultar, esconder // *Algueireiro*^{*} – Ruidoso / *Acochar* – Arrojar la cama / *Acadar*^{*} – Alcanzar / *Carregar* – Cargar un carro / *Alongar* – Alargar / *Veira* – Lado / *Algarear* – Vocear, gritar.

Lección 38^a: Medidas. Cualidades

Ducia – Docena / *Parella* – Par, pareja / *Legoa* – Legua / *Partilla*^{*} – Parte pequeña / *Mingoa* – Mengua / *Presa* – Puñado / *Neto* – Cuartillo de líquido / *Emprestar* – Prestar / *Mitade* – Mitad // *Morea*^{*} – Montón / *Rebola* – Rasero / *Cugulo* – Colmo / *Lisca* – Porción pequeña / *Derradeiro* – Ultimo / *Acugular* – Coronar / *Mesto* – Mixto, mescladizo //

Troque – Cambio / *Un milleiro* – Un millar / *Soturno*^{*} – Triste / *Sinxelo* – Sencillo / *Cheo* – Lleno / *Liviano* – Ligerero / *Azuado* – Azulado / *Antigo* – Antiguo // *Lanzal* – Elegante,

airoso / *Engadega** – Añadidura / *Prefeito* – Perfecto / *Tolo* – Loco / *Ridente* – Sonriente / *Pendurar* – Colgar / *Tirar* – Quitar, sacar / *Tornar* – Separar.

Lección 39^a: Males

Desdouro – Mancilla, desdoro / *Anguria* – Angustia, abatimiento / *Desconsolo* – Desconsuelo / *Pesadume* – Pesadumbre / *Desprezo* – Desprecio / *Dor* – Dolor / *Proer* – Escozor, comezón // *Brume* – Abceso, postema / *Afamado* – Hambriento / *Harripiar* – Horripilar / *Gomitar* – Vomitar / *Dorido* – Dolorido / *Velida* – Nube en los ojos / *Andacio* – Epidemia / *Ferir* – Herir //

Queixarse – Quejarse / *Boquear* – Espirar / *Chata* – Falta, tara / *Forca* – Horca / *Mágoa* – Pena, dolor / *Chaga* – Llagas / *Erto* – Yerto / *Degolar* – Degollar / *Esmorecer* – Desmayarse / *Esmiolar* – Romper la cabeza / *Aforcar* – Ahorcar // *Danar* – Dañar / *Lumia* – Monstruo fabuloso* / *Balbordo* – Rumor / *Murria* – Tristeza / *Noxo* – Asco / *Queixume* – Quejumbre / *Aforcar*** – Ahorcar / *Eivar* – Tullir, baldar / *Adoecer* – Enfermar / *Esganar* – Estrangular.

Lección 40^a: La Vida

Xuventú – Juventud / *Porvir* – Porvenir / *Mortá-s⁺* – Mortal-es / *Estoria* – Historia / *Namorar* – Enamorar / *Cadaleito* – Ataud / *Argallar* – Aparentar, mentir / *Servidume* – Servidumbre / *Irmanda⁺* – Hermandad // *Ardencia* – Ardor, valentía / *Pousar** – Dormir en posada / *Sona* – Fama, reputación / *Arrecadar* – Lograr, recoger / *Malquerer* – Odiar / *Arela* – Deseo no cumplido //

Embora – Enhorabuena / *Arrolo* – Arrullo / *Nascencia* – Nacimiento / *Pouso** – Descanso / *Orixe* – Origen / *Esvelluar⁺* – Envejecer / *Xivenca* – Vaca joven / *Fogaxe* – Brío, fogosidad / *Leria* – Charla / *Barballoas* – Farsante // *Querencia* – Amor / *Fada* – Hada, hechicera / *Loito* – Luto / *Cadaleito*** – Ataud / *Nado* – Nacido / *Loucura* – Locura / *Campa* – Sepultura / *Noivo* – Novio / *Laxe, lousa* – Losa / *Namais* – Nada más.

Frases y modismos⁺

*Alegre como unhas pascuas. Agarrado como unha lapa. Andar de riola. Andar aos moquetes. Andar** sin tento. Aquelo foi unha desfeita. Arde e non fumeiga. Arrólase no berce.*

Bo com 'o pan de comer. Bonito como un relós. Botoulle a mala fada. Boura como n-un faco. Brando com 'a manteiga. Branco com 'o ampo de neve. Bravo com 'as xestas.

Cada terra seu uso, cada roca seu fuso. Caeulle unha mala fada. Calado como un peto. Can que ladra non trava. Canta que has d'ir a santa. Comer a pan sabido. Comer de moca. Con máis calma que boi de Laiño. Con mais anos que un carballo vello. Craro com 'a luz do sol.

*Dá do que ten. Dá xenio velos – dá xenio de os ver⁺. Deu na teima** de facer xogos. De min á ti non ll'ó consentía. Direito como un pino. Direito como un esteo*. Doce com 'o mel.*

E fino como la de gato. E'lle o vento. Enganador coma o pecado. Entre medias de mil coitas. E'o vento. Erguese aos touciños. Ese non sube ao poleiro. Está levado do demo. Estar cheo hasta os cumios. Estar ido. Estar parvo. Estar de morros. E' un férvelle as berzas. E' un queda ben.

Fago mentes. Falas con cabeza. Ferver á cachon. Fixo boa feira. Fresco coma unha leituga. Frío com'a xiada.

Hai que facer xusticia de Ruibeira. Hoxe arde Troia.

Ir por trancos e barrancos.

Ladra e non traba.

Mais negro que aas do corvo. Mais xordo que un inglés. Mais feo que Tito⁺. Mais forte que unha noz ferreña. Mandeino ao rollo. Medra com'o leite no lume. Moito lle gusta andar a gambernia. Morde e non ladra.

Negro como un chamizo. Non deu unha fala. Non piou. Non vale dous beldros.

Pega como n-un centeo verde. Perdeu os libros. Píntame ben. Porfiou os sete porfiares. Poucas son xa as malas fadas.

Quente como un forno⁺. Querse ir onde Deus ben lle faga.

Raxa pol-a sua conta. Regañar os dentes. Remangar a man. Rubir ao poleiro.

¿Seique che sabe? ¿Seique tes ganas de contos? ¿Seique tes ganas de leria? Sempre anda a quinta pregunta. Sinte nascer a herba.

Ten mais cravos que unha porta vella. Tense por fidalgo. Ti es a porta faxeira – non gardas segredo.*

Vaia que ser. Vai como reiciño na cesta. Vaiche na misa en Conxo. Val tanto como un farrapo de gaita. Vella candonga. Viume en calzas pretas. Vivo como una charamusca.

3.4. Notas ó texto

- Lección 1ª. Formas orixinais: Sordo / *Bagullo* / *Erecho* / *Aruela* / *Ascoltar* / *Aspeitio* / *Casta*. Notas: 1. Valladares é o único dicionarista que rexistro que inclúa a palabra *baijar* (con esta grafía) no seu corpus; a definición é exactamente “bajar, descender”. 2. Supoño unha forma *caste* en orixe, porque non tería sentido que ofrecese unha forma idéntica á castelá, algo que non se fai neste vocabulario; a confusión <a>/<e> é típica deste vocabulario, polo que non sorprende.

- Lección 2ª. Formas orixinais: *Cinquideiro* / *Hebilla* / *Costa* / *Apestadoiro* / *Chapen* / *Trepallada*. Notas: 1. A voz *xaleque* non aparece en ningún dos dicionarios consultados, nin no TILGA; non é fácil que sexa erro de lectura ou de impresión, senón que o máis probable será pensar nunha información oral, malinterpretada (en orixe, sería *chaleque*) ou non, pois esta alternancia non é rara no galego popular (véxase, por exemplo, o par *rencher/renxer*). 2. Para a forma *faldreta* non hai rexistro nos dicionarios consultados (si en plural, no sentido de ‘home con modais femininos’, pero non antes de Eladio Rodríguez) e só dous rexistros no TILGA; Franco

Grande e a 4ª ed. do dicionario de Carré incorporan *faldrela* ‘faldiña’. 3. Reconstrúo *costra* baseándome en definicións coma “Lámina de madeira para hacer cestos o cestas. Se hacen de *varas* y de *costras* (Láncara)” (apéndice ó dicionario de Eladio Rodríguez). 4. Podería admitirse unha forma orixinal *trepallada*, xustificando a alteración vocálica como trazo de lingua oral.

- Lección 3ª. Formas orixinais: *Baxela* / *Poeiro*. Notas: 1. A voz *baxela* non aparece nos dicionarios nin nos córpora estudados. Unha explicación rebuscada podería sinalar que o feito de que o catalán pronuncie o dígrafo <ix> como o noso <x> puido alterar dalgún modo a grafía, pero –sen entrarmos xa noutras consideracións– parece desbotar esta posibilidade o feito de que o noso vocabulario inclúa formas do tipo de *teixo*, *embaixada*, *ameixa*, etc. Posiblemente se trate, sen máis, dunha gralla, motivo polo que respecto na edición o *b*-inicial. 2. É certo que hai algún rexistro moi esporádico de *poeiro* con este significado nos córpora, pero son formas modernas que se contan cos dedos dunha man, fronte ós máis de douscentos rexistros de *poeira*, voz testemuñada tamén nos dicionarios, polo que neste caso parece máis lóxico supoñer unha gralla, dun tipo, ademais, ben frecuente neste vocabulario.

- Lección 4ª. Formas orixinais: *Tonino* / *Martino* / *Cidrián* / *Catirina* / *Asi*, *logo* / *Cina* / *Louxe*. Notas: 1. Agás o problemático *Martiña* (véxase máis adiante), todos estes nomes están recollidos na gramática de Lugrís; quince deles contan con grafía idéntica e os dous que presentan variantes poden explicarse por gralla ou adaptación gráfica. Hai algúns (p.ex. *Lixandre*) que non aparecen nos dicionarios consultados. 2. Tamén podería aceptarse *Toñiño*, pero parece menos plausible, pois en Lugrís temos *Toniño*. 3. No orixinal aparece unha forma *Martino* que non casa, ademais de por non ser galega, por ter un equivalente castelán feminino; visto que as entradas do seu contorno anterior e posterior eran nomes de mulleres, o máis probable é que esta o sexa tamén, pero co inconveniente de que sería a única forma que non aparecería no repertorio de Lugrís, que si inclúe *Martiño* –“Martín”. A solución que ofrezco ten a vantaxe de requirir menos alteracións no texto. 3. No que respecta a *bercé*, sorprende a acentuación oxítone, que quizais poida explicarse porque Porcel ou os impresores se inspirasen na forma aguda catalá (*bressol*) ou francesa (*berceau*) e atribuísen á voz galega o mesmo esquema acentual.

- Lección 5ª. Formas orixinais: *Violento* / *Lanzado* / *Eugordiño*. Notas: 1. O dicionario de Carré é o único que inclúe tanto “bueno” coma “fuerte” na definición de *baril*. 2. Non se entende que se defina *recendo* como adxectivo. Hai dúas hipóteses: a) pódese pensar que a construción orixinal era do tipo *ten recendo* b) pódese pensar nun erro no lema, que sería *recendoso* (testemuñado en Valladares, por exemplo). 3. *Pampo* aparece en varios dicionarios, pero curiosamente ningún deles emprega na súa definición “asustado” nin “atontado”. 4. O mesmo que na nota anterior, cómpre sinalar que non atopei nos dicionarios consultados ningún que defínise *manido* con “manoseado”. 5. Con todo, é certo que tanto Valladares coma Filgueira teñen *eugordiño*, seguramente por erro de lectura no primeiro e papeletización precipitada no segundo. 6. Valladares é o único que ofrece tal definición para *arriscado*, inda que invertendo a orde: “atrevido; resuelto”.

- Lección 6ª. Formas orixinais: *Herdero / Lerche / Irmia / Baldrumeiro / Bixar / Barcellar / Curnian*. Notas: 1. Nótese a incoherencia gráfica do masculino *hirmán* con respecto ó feminino *irmá*, un par de entradas máis adiante. 2. “Mozo”, pero máis ben na terceira acepción do dicionario da Real Academia Española: “que trata frecuentemente con mujeres”. 3. Podería pensarse nun erro por *bicar*, posto que empregou as dúas bases para os substantivos, pero o feito é que a lección 19ª ten *beixar*.

- Lección 7ª. Formas orixinais: *Cantor / Tareia / Aluma / Larchair / Pelar*. Notas: 1. Interpreto a forma *reise* no sentido de panxoliña cantada no día de Reis; a forma repítese na lección 17ª, cunha definición lixeiramente diferente. 2. *Castebre* é palabra enigmática que non localizo nos principais cörpera da lingua española; seguramente sexa un erro, pero resulta difícil reconstruír a voz adecuada. 3. Non atopo referencias deste significado para a forma *empregar*, inda que parece posible. Nótese, con todo, que no vocabulario do grao preparatorio o que aparece é *Empregar* – “emplear”, polo que o máis probable é que se trate dun erro.

- Lección 8ª. Formas orixinais: *Moltos / Mátia / Inda* – “Que, aunque”. Notas: 1. A forma *cualquer* só se atopa nos traballos lexicográficos de Bernardo Acevedo e Marcelino Fernández, ten só 6 rexistros no TILGA e, como se pode ver na páxina 288 do volume II do ALGA, xeograficamente está moi localizada no extremo oriental de Galicia e no sur da provincia de Pontevedra, un dato que se pode ter en conta para a análise da procedencia dalgunha das fontes de Porcel. 2. Nótese que, canda esta forma *ainda*, sinálase *inda* unhas entradas máis abaixo. 3. Obviamente, a interxección *hisca, chó*, nunha actitude purista, tería que ser definida como “voz que se emplea para espantar gallinas”, ou similar. 4. Como se sinalou na nota número 2, alterna nesta mesma lección coa variante *ainda*.

- Lección 9ª. Formas orixinais: *Solio, solana* – “parte a donde da el sol” / *Espelumea / Onteiro / Senre / Sándara*. Notas: 1. En realidade, propiamente o *abicedo* miraría a ponente, inda que non corrixo esta equivocación, porque, en principio, non se trata de erro de lectura ou de impresión. 2. Tampouco se pode excluír que se ofrecesen dúas formas galegas (unha gralla por *solaina*), pero a existencia de problemas na creación das columnas en varias zonas deste vocabulario faime preferir a primeira opción. 3. É curiosa a acentuación *cotárelo* cando non se rexistra tal en textos e dicionarios; será moi posiblemente un erro.

- Lección 10ª. Formas orixinais: *cana / Atnar / Desatnar*. Notas: 1. Véxase na seguinte lección, non obstante, a voz *rexurdir*.

- Lección 11ª. Formas orixinais: *Vimblo / Sebuidar / Sobexa / Fornar*. Notas: 1. Aquí *rexurdir*, pero na lección anterior, *surdir*. 2. É certo que non é a categoría gramatical máis frecuente para *abondo*, pero en varios dicionarios aparece clasificada como substantivo e definida como “abundancia”.

- Lección 12ª. Formas orixinais: *Falgueiral / Tejo / Sauce / Bidneiro*. Notas: 1. Esta forma *laureiro* non aparece nas obras incluídas no *Diccionario de diccionarios* nin en LUGRÍS, pero si que aparece en bastantes ocasións no TILGA, e en dous puntos da rede do ALGA do extremo oriental de Galicia, zona que vai en consonancia con outras designacións deste vocabulario

de Porcel. 2. Inda que xa aparece nalgún dicionario, *aveleiro* tampouco é unha forma moi estendida; rexístrase tamén en puntos do ALGA, pero cunha localización lixeiramente distinta da anterior, pois son máis habituais na zona centro de Galicia. 3. *Maceiro* é voz de distribución eminentemente oriental. 4. Só teño constancia da voz *cerdeiro* nun único rexistro do TILGA (unha poesía popular); podería tratarse dun erro de lectura ou impresión, por *cerdeira*, pero o elevado número de palabras masculinas para as árbores que recolle esta lección fai preferible manter a lectura orixinal do noso texto. 5. Xa aparece, entradas atrás, a forma *salgueiro* – “sauce”. O *sabugueiro* é o saúco (*Sambucus nigra L.*), pero a proximidade das formas galega e castelá puido motivar esta definición incorrecta, ou simplemente unha gralla gráfica.

- Lección 13^a. Formas orixinais: *Mazia*, *mazana* / *Leixós* / *Xireiras* / *Outoner* / *Canvel* / almendro. Notas: 1. Hai un erro semellante a este, *irmia* por *irmá*. 2. Non é unha reconstrución incontrovertible, inda que a apoia o feito de que no grao preparatorio esta entrada sexa *mazá*, *mazán*. 3. No vocabulario do grao preparatorio aparece a grafía *xireixas*. É posible que haxa aínda algún erro de escritura (<x> por <z>, seguramente), pero tampouco se pode descartar unha forma oral particular, ou unha mala audición e transcripción desta; véxase a nota seguinte. 4. Pode tratarse dunha confusión de <x> por <z> ou <c>, similar á que se relata na nota anterior, aínda que tampouco pode descartarse que queira reflectir unha pronuncia seseante palatalizada, ou que alguén quixese aproximar a forma galega á raíz latina NOX. 5. *Frece* non é voz frecuente nos dicionarios; se analizamos a súa distribución xeográfica segundo os datos do ALGA e outras enquisas dialectais, veremos que é no centro da provincia da Coruña e norte de Pontevedra onde hai máis rexistros e, en todo caso, non é unha forma eminentemente oriental, como si o eran algunhas das leccións anteriores. 6. *Piño* é unha forma presente na lingua, pero que non localizo nos dicionarios estudados.

- Lección 14^a. Formas orixinais: *Humildanza* / *Desenfeitar*. Notas: 1. Habería dúas posibilidades de interpretación para este epígrafe. Se o significado castelán é correcto, hai que supoñer un erro na forma galega, ben por *humidanza*, ben por *humedanza*. Se é o lema galego o correcto, entón sería mester rectificar o significado español, que sería “humildad”. Realmente, o feito de estar dedicada esta lección ós labores agrícolas fai máis verosímil a primeira liña interpretativa. 2. A voz *trinar* non é rara en galego con este significado, inda que sorprende que se inclúa unha forma coincidente co español; visto que non son poucos os erros similares, quizais sería máis prudente pensar que *trinar* forma parte da definición, sendo “cantar los pájaros” unha modificación que a restrinxe. 3. *Esparexar* aparece nalgunha recolla dialectal, pero é certo que *esparexer* é moito máis frecuente, e os saltos entre <a> e <e> non son raros neste vocabulario.

- Lección 15^a. Formas orixinais: *Mantega* / *Córdia* / *Regueija* / *Mistura* – Mentar. Notas: 1. Non aparece *tortela* en ningún dos dicionarios consultados, inda que si hai algún rexistro no TILGA. 2. *Sucrillo* está ausente das obras lexicográficas analizadas e aparece unicamente unha vez no TILGA, en Losada Astray (1886), unha obra que acolle uns cantos máis destes rexistros únicos. 3. Aparece *manteiga* un pouco máis adiante, na lección 21^a. 4. Antes do

dicionario de Eladio Rodríguez, só aparece en Valladares (s.v. *condúmio*), que o define como “manjar que se come con pan”. 5. Esta variante de *rencher* atópase, moi esporadicamente, nalgunhas obras literarias, no canto de *renxer*. Xa se sinalou o tema da alternancia entre <x> e <ch> en varios lugares deste artigo, por exemplo no comentario á lección segunda.

- Lección 16ª. Formas orixinais: *Quimo*. Notas: 1. O segundo par de columnas presentaba un corremento nas definicións, polo que as formas galega e castelá non estaban emparelladas correctamente, aquí xa se presenta corrixido. 2. Aínda que habitualmente *cucho* sexa ‘becerro’ e *cocho* ‘porco’, atópanse rexistros da primeira palabra para se referir ó marrán; de feito, nesta mesma lección, máis abaixo, lese *cucho* – “cerdo”. Pódese pensar tamén nunha harmonización vocálica *cochiño* > *cuchiño*. 3. Non ten sentido supoñer unha gralla por *animal*, xa que sería forma coincidente co castelán, algo do que foxen este vocabulario e tantos máis; inclínome a pensar nunha falsa segmentación do plural, a través dunha forma *animás* (cf. *provenzá*, na lección 28ª, e, sobre todo, *mortá-s* na 40ª).

- Lección 17ª. Formas orixinais: *Reisa* / *Meiro*. Notas: 1. É certo que *tartaraña* é voz máis habitual, pero xa que tamén atopei mostras de *tartareña* e que a diferenza de número entre unha e outra forma tampouco é tan grande, en coherencia cos principios editoriais conservadores antes citados, manteño a escrita orixinal. 2. Un caso máis de grafía <ch>, cando o esperable era <x>; xa foi comentado noutras ocasións ó longo deste traballo. 3. Para máis explicacións sobre a forma *reise*, véxase a lección 7ª.

- Lección 18ª. Formas orixinais: *Lariachea* / *Ourizo*, *cacho* / *Angui* / *Pateiro antolla* – anguila de mar. Notas: 1. *Liscance* non aparece en ningún dos dicionarios consultados (só Sarmiento o menciona). 2. Aínda que foi recollida en varias investigacións dialectais, non se rexistra esta forma *sandijuela*, de influxo español, nos dicionarios. 3. Esta forma *lucinaí* é ben misteriosa, pois non a localizo nas obras lexicográficas que utilicei como material de consulta nin en diferentes materiais xeolingüísticos analizados. Podería tratarse dunha mala lectura por *lucencú* ou similar, e incluso ser unha remotivación dalgún elemento. 4. *Lesniza* é unha designación problemática, pois non atopo probas da súa utilización en textos lexicográficos, literarios ou dialectais. 5. Estamos, outra vez, diante dun problema de ordenación de columnas. É enigmático o uso do termo *anguila*, tan lonxe polo sentido, e que quizais se poida deber a unha mestura coa entrada *anguia*, que aparece unhas liñas atrás, pois tampouco son tan distintas morfoloxicamente. No vocabulario do grao preparatorio aparece “araña de mar” na definición.

- Lección 19ª. Formas orixinais: *Arrechugar* / *Axñar* / *Trasnoita* / *Esculear*. Notas: 1. É moi curioso este significado. No vocabulario do grao preparatorio temos *termar* – “aguantar”, pero tamén é factible que o que se quixese en última instancia poñer aquí fose *tornar* – “apartar”. 2. Sorprende este acento gráfico, que non aparece noutros verbos desta conxugación; se callar, é interesante sinalar que o dicionario de Carré (tamén Rodríguez e Ibáñez) grafa esta palabra con acento.

- Lección 20ª. Formas orixinais: *Auxame* / *Casuda* / *Formija* / *Alconve* / *Chorismos*. Notas: 1. A forma *escaraballo* non aparece nos dicionarios consultados, inda que si ten apoio

na fala; con todo, sempre queda aberta a posibilidade dunha gralla por *escarabello*, dada a frecuente alternancia entre estas dúas vogais en todo o vocabulario. 2. Podería tratarse dunha forma que reflecta graficamente a gheada; con todo, o feito de que no vocabulario do grao preparatorio apareza a voz *formiga* parece inclinar a balanza para a posibilidade dun erro gráfico. É certo que anteriormente se citou unha *sandijuela*, pero neste caso o iota aparece por castelanismo. 3. Esta entrada *gándara* é totalmente enigmática. Mentres que “llano” pode valer perfectamente para definir unha gándara, “resuelto” non ten unha explicación aparente; visto que é un adxectivo moi acaído en varios dicionarios para esta palabra, sería posible pensar nunha mala lectura de “inculto”.

- Lección 21^a. Formas orixinais: *Lociño / Fosqueo*. Notas: 1. Estas formas alternan tamén nos dicionarios consultados. A primeira aparece en Cuveiro, Valladares e Filgueira; a segunda só o fai en Carré e en Filgueira. 2. Tanto *fuciño* coma *fociño* serían solucións válidas, inda que prefiro a primeira, xa que é a forma que se recolle no vocabulario do grao preparatorio.

- Lección 22^a. Formas orixinais: *Semert / Scara / Xeme / Arbordo / Guindel / Colleito / Bolorea / Serodie*. Notas: 1. A motivación de definir *pampillal* como “viñado” pode explicarse polo feito de que os pampullos son habituais na terra sementada baixo as viñas; inda que ningún dicionario se faga eco desta acepción, si que o fai o glosario dunha pequena obra de posguerra, *Versos en gama de gaita*, da autoría de Manuel Prieto Marcos e publicada en Bos Aires, Edicións das Mocidades Galegas, en 1943. 2. Realmente sería “cepa estéril”, perderíase o adxectivo na impresión?

- Lección 23^a. Formas orixinais: *Solmoira / Graicela / Aranico / Aseosa / Selgar / Franxerte*. Notas: 1. Non está claro que non se trate dun erro de lectura ou impresión por *poeira* (*poeiro* non aparece nos dicionarios e só ten tres rexistros no TILGA, todos eles modernos; *poeira* aparece a partir de Filgueira e ten case dúascentas ocorrencias na referida base de datos). 2. Pode que se quixese dicir *gramallera*.

- Lección 24^a. Formas orixinais: *Xeito modo – traza / Frécola / Bonga / Lumarola / Agratimo / Suada / Fado halo – canción / Foliade / Fetizo / De moa*.

- Lección 25^a. Formas orixinais: *Raiña / Esposa / Zona / Rendar / Gustar / Lostar*. Notas: 1. Quizais fose máis acaído un significado “carretero”. 2. A forma que aparece é *zona*, que se podería explicar como hipercorrección de *sona*, interpretándoo falsamente como voz con seseo, inda que tampouco se pode descartar un erro de lectura ou impresión. 3. *Fertuna* aparece xa en varios dicionarios e ten unha considerable presenza na lingua, polo que é moi improbable que se trate dun erro. 4. Non aparece nos dicionarios nin na gramática de Lugrís a forma *escintilar* como substantivo, pero si que hai uns cantos apoios nas bases de datos de textos.

- Lección 26^a. Formas orixinais: *Casabilla / Ideó / Hueco hinchado / Cojer / Rebentar*.

- Lección 27^a. Formas orixinais: *Barguin / Badel / Martel*. Notas: 1. É certo que poderíamos pensar nun erro por *débeda*, pero a voz *débida* está documentada (por exemplo, ten 11 rexistros no TILGA)

- Lección 28ª. Formas orixinais: *Gardo / Mánoas / Repeique*. Notas: 1. Só rexistro unha vez *xosgado* no TILGA, precisamente na obra de Losada citada anteriormente (lección 15ª, nota 2); nótese o aparente seseo. 2. O único rexistro de *irmita* no TILGA é, precisamente, na obra sinalada na nota anterior. 3. Entrada problemática que inda queda dubidosa, pois podemos aceptar *mámoa* como lugar de enterro, pero non como funerais. 4. Seguramente, falsa reconstrución do singular a través dunha forma *provenzás* (véxase *animá* na lección 16 e, principalmente, *mortá-s* na l. 40ª).

- Lección 29ª. Formas orixinais: *Tofo / Llorta / Lacalo*. Notas: 1. É certo que *cimiteiro* non aparece nas obras recollidas no *Diccionario de diccionarios* nin en Lugrís, pero si que hai unha decena de rexistros desta forma no TILGA. 2. Só aparece no diccionario de Valladares, onde *sécolas* ten a mesma definición que aquí; lémbrese que non corríxín o uso do acento gráfico, inda que é certo que o normal nas esdrúxulas é que o leven (cf. *cárcere* unhas liñas máis abaixo).

- Lección 30ª. Formas orixinais: *Arrelar / Verar*. Notas: 1. Seguramente se reconstruíse mal o infinitivo, a partir de formas como *viron*; non ten sentido que sexa unha gralla por *ver*, pois sería forma coincidente co español. 2. Pode que sexa erro de lectura por *apodrentar*, pero tamén é factible unha creación sobre *podremia*. 3. Realmente fai referencia a unha voz *trepar*. Do mesmo modo que no caso citado anteriormente, non se pode pensar nunha gralla, pois sería forma coincidente co castelán; o máis correcto sería supoñer que foi unha información recibida oralmente, cun pechamento da palatal que non é estraño.

- Lección 31ª. Formas orixinais: *Comparar / Sin*. Notas: 1. *Pelegrí* é unha voz da que non atopo referencias nin corroboracións; podería tratarse dunha refacción segundo a forma catalá (*pelegrí*) ou quizais dunha falsa extracción do singular a través de formas como *pelegrí(n)s*. 2. Entrada non acollida polos dicionarios e que no TILGA aparece só dúas veces, unha delas no repetidamente citado libro de Losada. 3. Non é *eigresia* voz de moito éxito nos dicionarios, pois unicamente a recollen os traballos de Acevedo, inda que no TILGA ten algo máis de fortuna (24 respostas).

- Lección 32ª. Formas orixinais: *Sobreteime / Endondecer / Carroca / Mausadume / Traldoría / Sabencia*. Notas: 1. É certo que *solerma* é a forma máis habitual para este concepto, pero tamén rexistrei algún caso de *solermia*.

- Lección 33ª. Formas orixinais: *Toao / Roibeno / Lumiar, luminar* – Luz potente / *Orvello / Piniscer / Luz / Arco de velle*. Notas: 1. Non rexistro *espellar* nos dicionarios con este valor substantivo, inda que si noutras fontes. 2. Mentres que Filgueira e Carré escriben *primadeira* nas súas obras, Valladares opta por *primadera*, voz non allea á fala. 3. *Soao* tamén aparece na seguinte lección, pero como *soán*, o que fai suscitar dúbidas sobre se algunha é un erro ou se efectivamente se deu acollida a dúas variantes. 4. O vocabulario do grao preparatorio indica, no canto desta, a forma *claror*. 5. Non ten sentido definir *oxe* como “luz”, pode que repetise o substantivo que estaba na entrada anterior; na oitava lección temos *hoxe* – “hoy”. 6. Tamén podería ser *arco da vella*.

- Lección 34^a. Formas orixinais: *Trabón / Bretuma / Cerisa / Prelade*. Notas: 1. Só localizo esta forma *lus* nos dicionarios de Cuveiro e Valladares e na gramática de LUGRÍS. Para a súa distribución xeográfica, véxase o mapa 139 do volume IV do ALGA. 2. Polo que respecta ás obras lexicográficas, só rexistro *lunazón* no vocabulario de Filgueira *et alii*. 3. *Vento famento* é unha designación curiosa que non puideron verificar en recollas dialectais e bases de datos textuais, a única corroboración que obtiven provén de LUGRÍS, nunha relación de fenómenos meteorolóxicos localizada na páxina 118 da gramática manexada. 5. Aparece na lección anterior, pero escrito *orvello*. 6. Véxase a lección anterior: *Raiola* – “Rayo de luz”; xa vimos este grafema <y> en posición similar en *gayola* (lección 3^a).

- Lección 35^a. Formas orixinais: *Cisca / Abancar / Festizar / Acdar / Recalar*. Notas: 1. Formación curiosa a partir dun sufixo *-eira* con valor de colectivo; é perfectamente posible desde o punto de vista morfolóxico, pero non a atopo referenciada en ningunha obra de ámbito dialectal, lexicográfico ou literario. 2. Non se entende por que leva artigo, xa que o procedemento habitual é que só se indique, con este procedemento, o xénero cando é diferente do castelán.

- Lección 36^a. Formas orixinais: *Adivol / Brélema / Vergollán / Semento / Patinar*. Notas: 1. O artigo que figura non se corresponde co xénero habitual en galego deste substantivo, aínda máis, é inusual que se lle poña o artigo se non é con efectos contrastivos respecto do español, polo que puidera tratarse dun erro; aparece na lección 35^a do vocabulario do grao preparatorio, pero sen artigo.

- Lección 37^a. Formas orixinais: *Deirar / Apesta / Alguereiro / Acalar*. Notas: 1. Non atopo referida esta voz nin nos dicionarios consultados nin na gramática de LUGRÍS. 2. É curioso que esta voz teña un aparente seseo, mentres que precisamente a anterior, en idéntica posición, non o presenta.

- Lección 38^a. Formas orixinais: *Panilla / Morca / Sotrerno / Engalega*.

- Lección 39^a. Formas orixinais: *Monstruo, fabuloso / Morcar*. Notas: 1. No vocabulario do grao preparatorio aparece *forcar*; con todo, non se entendería un erro de lectura entre <f> e <m/M>, que si parece moito máis verosímil entre <Af> e <M>.

- Lección 40^a. Formas orixinais: *Ponsar / Ponso / Cadalecto*. Notas: 1. Segmentación moi interesante que parece explicar formas do tipo *animá* ou *provenzá* que atopamos en leccións anteriores. 2. Como xa se sinalou, non corrixo a irregular distribución acentual deste vocabulario. 3. Non localizo esta forma *esvelluar* en ningún material consultado. 4. Algunhas entradas atrás, repítese esta palabra, pero desta vez coa grafía *cadaleito*.

- *Frases y modismos*. Comentarios: 1. Normalmente altera os acentos que puxera LUGRÍS no seu texto. En consonancia cos criterios adoptados para o resto do vocabulario, non edito ese aspecto. 2. No orixinal aparece *Anda*. Pola orde alfabética e en coherencia coas formas anteriores, parece máis factible un verbo *andar*, que é o que está, doutra banda, en LUGRÍS. 3. No orixinal temos *tema*, tamén en LUGRÍS, pero é máis posible que sexa *teima*. 4. Este trazo (–) separa modismos sinónimos; LUGRÍS opta por un signo de igualdade (=). 5. No orixinal,

estec. 6. Aparece *Tito* tamén en Lugrís. 7. No repertorio que ofrece o gramático de Sada, esta frase *Quente como un forno* e a seguinte están unidas por un signo de igualdade. 8. No orixinal, *faxelra*. 9. É curioso este *un*, pois non aparece na listaxe de Lugrís que manexei.

BIBLIOGRAFÍA

- ALGA = García González, Constantino e Antón Santamarina Fernández (dirs.) (1990 –): *Atlas Lingüístico Galego*, 5 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Alonso Montero, Xesús (2006): “Presenza da lingua galega nos libros de lectura, na escola primaria, nos primeiros anos do franquismo”, in X. Alonso Montero e Miro Villar (coords.): *Guerra Civil e literatura galega (1936-1939)*. Vigo: Edicións Xerais, pp. 9-32.
- Colom Cañellas, Antoni J. (1984): *D. Miquel Porcel Riera i els inicis de l’activisme escolar a Mallorca*. Palma de Mallorca: Centre d’Estudis “Gabriel Alomar”.
- Costa Rico, Antón (1989): *Escolas e mestres: a educación en Galicia, da Restauración á II República*. Santiago de Compostela: Consellería da Presidencia e Administración Pública.
- Costa Rico, Antón (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.
- Eladio = Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.
- Escolano Benito, Agustín (dir.) (1997): *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la Segunda República*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Escolano Benito, Agustín (dir.) (1998): *Historia ilustrada del libro escolar en España. De la posguerra a la reforma educativa*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Losada Astray, Benito (1886): *Soaces d’un vello, poesías gallegas*. A Coruña: Latorre y Martínez Edts.
- Lugrís = Lugrís Freire, Manuel (1931²): *Gramática do idioma galego*. A Cruña: Imprenta Moret.
- Marcet i Salom, Pere e Joan Solà (1998): *Història de la lingüística catalana (1775-1900): repertori crític*, 2 vols. Girona : Universitat de Girona; Vic : Eumo.
- Rodríguez = Rodríguez, Francisco J. (1863): *Diccionario gallego castellano*. A Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial.
- Santamarina Fernández, Antón (ed.) (2003^{3a}): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- TILGA = Santamarina Fernández, Antón (dir.) (2003b): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* [en rede: <http://www.ti.usc.es/TILG/>] (última consulta: 31 de maio de 2007).
- Valladares = Valladares Núñez, Marcial (1884): *Diccionario castellano-gallego*. Santiago: Imprenta del Seminario Central.